

## Iníciase a reforma do Plan Xeral

O Plan Xeral gracias ó que Oleiros é hoxe un éxito urbanístico recoñecido por todos, vai actualizarse para responder a novos retos. Iníciase un proceso no que participarán, coma en ocasións anteriores, representantes dos veciños e dos sectores implicados na construción e a promoción urbana. Por outra parte, o Colexio de Arquitectos de Galicia destacou a calidade urbana de Oleiros co seu máximo recoñecemento. **Páxina 4.**



Concello de Oleiros

## Parques mellor coidados

E apoio ás urbanizacións que coidan as súas zonas verdes  
**Páxina 5**

# Vivir en Oleiros

Número 12  
Marzo de 2002  
Toda a actualidade en:  
[www.oleiros.org](http://www.oleiros.org)

## Mera ve revitalizado-los seus sinais de identidade



# O Arxentino, vellas paredes, nova vida

■ A fisonomía de Mera e a súa calidade urbana renacen co remate da Casa do Arxentino, unha restauración que trouxo consigo unha nova praza urbana na zona de Miramar. Case enfrente, tralo Nai-Pai, nacerá outro espazo público, aínda maior.

■ A estas obras hai que sumar as do Paseo Marítimo, que por fin veremos comezar nos próximos meses, logo de salvar numerosas zancadillas. A primeira fase vai desde Santa Ana á Praza de Miramar, e a segunda entre este lugar e a praia de Espiñeiro. **Mera potenciará así as súas virtudes como centro urbano e turístico de especial atractivo.** **Páxina 6.**

Comenzan a verse os **primeiros resultados** do Plan Municipal de Vivenda  
**Páxina 7**

**Subvencións de Cultura**, os motores da vida pública  
**Páxinas centrais**

**Dous novos xeriátricos**, máis emprego para Oleiros  
**Páxina 14**

**A Fábrica**, novas propostas para os novos tempos  
**Páxina 19**

Roteiros para **coñece-lo municipio**, unha guía para o excursionismo doméstico  
**Páxina 23**

## Inauguración en Lorbé, coa mirada na Vía Ártabra

Manuel Fraga veu inaugurar a ampliación do porto de Lorbé: máis metros de liña de atraque e unha rampa de varado, instalacións moi necesarias para os usuarios.

Pero a atención estivo posta tamén nunha futura obra moi importante para o desenvolvemento do propio porto e de todo o norte do municipio: a **Vía Ártabra**, un eixo rápido que conectará Lorbé coas autopistas A9 e A6, e que percorre-

rá a divisoria entre os Concellos de Oleiros e Sada, e eliminará tráfico da estrada litoral. **O presidente da Xunta pediu ós seus colaboradores presentes no acto un informe sobre esta importante estrada. Ogallá teñamos prontas noticias.**

Como saber  
**donde está todo**  
en  
**Oleiros**

**AXENDA**  
Páxina 2



## ¿Cántos somos?



## Os teus teléfonos

**Teléfono do Veciño**  
 Toda a información de 8 da mañá a 8 da tarde, ininterrompidamente  
**981 610 000**

• Concello de Oleiros	<b>981 610 000</b>
Policia Local (24 horas)	981 610 001
Garda Civil de Oleiros	981 610 067
Garda Civil urxencias	062
Xulgado	981 610 824
Servizo de augas	981 610 602
Mercado municipal	981 638 158
Recadación municipal	981 635 603
Ofic. Consumidor (Omic)	981 610 000 ext.211
C. Recuperación fauna salvaxe	981 626 241
Urxencias médicas (24horas)	061
Centro de Urxencias Sta. Cruz	981 614 901
Centro Saúde Perillo	981 638 731
Centro Saúde S. Cruz	981 626 768

### Centros municipais de actividades

Casa da Xuventude	981 636 598
C. Cultural As Torres de Sta. Cruz	981 630 618
Centro Cívico de Sta. Cruz. Daniel Castelao, 5	
Casa do Pobo de Mera	981 617 662
Casa do Pobo de Iñás	981 631 240
Casa do Pobo de Nos	981 664 257
Casa do Pobo de Dexo-Lorbé	981 618 201
Centro Cultural de Montrove	981 638 869
Casa da Cultura de Perillo	981 636 555
Centro Cultural A Fábrica	981 636 598
Casa do Pobo de Dorneda	981 614 582
Casa Charry	981 631 444
Casa da República. Rúa O Castelo. Oleiros	
Museo dos Oleiros J.M.Kaydeda	981 626 692
Pazo dos Velloso Arenaza	981 6312 40
Castelo de Santa Cruz	981 6306 18

### Centros educativos

C. Formación Isaac Díaz Pardo	981 631 706
Escola Infantil Esquio / Dorneda	981 626 638
Escola Infantil A Braña / Maianca	981 617 505
Escola Infantil O Vilar / Nos	981 664 257
Escola Infantil Vilanova / Nos	981 651 417
Escola Infantil O Corgo. Av. Jiménez Herrero, 126. Dexo	
Escola Infantil O Castaño / Perillo	981 639 160
Escola Infantil A Pardela / Os Regos	981 631 788
Escola Infantil Río da Loba / Oleiros	981 611 544
Instituto Neira Vilas / Perillo	981 638 903
Instituto María Casares / Bastiaqueiro	981 626 344
Colexio Luis Seoane / Canide-Mera	981 617 130
Colexio Parqa Pondal / Sta. Cruz	981 614 967
Colexio Valle Inclán / Perillo	981 636 754
Colexio A Rabadeira / Oleiros	981 610 023

### Bibliotecas

Central Rialeada / Perillo	981 639 511
Sta. Cruz	981 626 338
María José Trincado / Mera	981 628 507
Iñás	981 631 240
Dorneda	981 614 111
Oleiros	981 610 700
Anxel Fole / Nos	981 664 257
Xoglar Meendiño / Dexo-Lorbé	981 618 201
Federico García Lorca / Montrove	981 639 515

### Servicios Varios

— **Veterinarios**  
 Santa Cruz 626310  
 Gayacán 660335 /Vilanova  
 Salud Animal 631651 /Dos Regos

— **Maquinaria de construción**  
 J.Barreiro 635474 /Oleiros

— **Reparación coches e bicis**  
 J. Galán 610710 /Oleiros

— **Fontanerías**  
 A.Taibo 614529 /Sta.Cruz  
 A.Guillín 631567 /Oleiros  
 J.Arca 617591 /Maianca  
 J.A.Barros 626689 /Dorneda  
 J.Costa 635735 /Sta.Cristina  
 A.Dominguez661108 /Nos  
 S.Fernández 638214 /Perillo  
 Fonelec 662744-908587710 /Nos

C.Suarez 638400 /Perillo  
 J.García 610339 /Oleiros  
 S.García 611039 /O Carballo  
 F.J.Gruero 636092 /Sta.Cruz  
 M.C.López 637010 /Sta.Cruz  
 A.Martínez 611317 /Oleiros  
 R.Mesias 660684 /Nos  
 J.Novo 908084450 /Oleiros  
 J.Pardo 631127 /Dorneda  
 R.Pol 635325 /Perillo

— **Instalacións eléctricas**  
 E.F.Otro 908584277 /Mera  
 R.Pol 635325 /Perillo  
 J.L.Rodríguez 626270 /Dorneda  
 A.Vian 637254-908584691 /Perillo

— **Albanería**  
 J.M.Alvarez 617788 /Serantes  
 A.Arevalo 617243 /Dexo  
 J.Bao 635617 /Perillo  
 A.Barreiro 617887 /Maianca  
 F.Beltran 628373 /Lorbe

J.M.Bias 635811 /Perillo  
 J.Cagiao 626038 /Sta.Cruz  
 J.Cal 662449 /Oleiros  
 M.C.Carballo 631578 /Nos  
 Gomaño 666387 /Oleiros  
 O.Bravo 908586979 /Sta.Cruz  
 J.M.Fernández 614990 /Arillo  
 F.Fernández 636078 /Perillo  
 E.Fernández 636572 /Perillo  
 J.Fernández 614919 /Dorneda  
 J.Fernández 617720 /Dorneda  
 L.Gacio 636587 /Perillo  
 A.García 618190 /Serantes

V.García 661448 /Nos  
 M.Illanes 614356 /Dorneda  
 D.Lamas 631356 /Oleiros  
 A.Lastres 908586296 /Dorneda  
 A.López 617411 /Mera  
 J.D.López 626082 /Santa Cruz  
 F.Mañana 615298 /Arillo  
 J.L.Martínez 636034 /Perillo  
 A.Mato 667682 /Nos  
 J.Mirón 618119 /Mera  
 V.Naya 617096 /Mera  
 M.Novo 610830 /O Carballo  
 A.Otero 631344 /Oleiros

J.Pampín 635920 /Perillo  
 J.L.Prego 626147 /Dorneda  
 J.A.Prieto 610181 /Oleiros  
 F.Recarey 617503 /Oleiros  
 J.M.Rodríguez 610746 /O Carb.  
 J.R.Sánchez 664599 /Nos  
 F.Sánchez 610779 /Iñás  
 L.Siso 617461 /Mera  
 M.Siso 617467 /Mera  
 R.Suarez 615239 /Dorneda  
 A.Sueiro 614849 /Dorneda  
 A.Uzal 908581521 /Rialta  
 M.Vallo 610812 /Oleiros

F.Vazquez 614927 /Santa Cruz  
 M.Vidal 631015 /O Valiño  
 M.Vieito 610060 /Oleiros

— **ATS-Fisioterapeutas**  
 M.Miranda 638633 /Perillo  
 J.L.Sánchez 638234 /Perillo

— **Notarios**  
 R.Benzo 611506 /Oleiros

— **Herbolisterías**  
 La Fresa Silvestre 637118 /Perillo

## Un concello vivo



101.5 FM

Informativos cada media hora de 7 a 19,30h

Información local ás horas en punto e cultural e deportiva ás medias

Martes / 19h / Saúde Natural / Con Paco Lamas

Mércores / 14 e 19h / Olló de Vidro / Humor con Arturo, Franky e Slow

Xoves / 14h / Fío Aberto / Actualidade municipal con Ángel García Seoane

Xoves / 18h / A media Luz / Contos dramatizados, con María Inés Cuadrado

Venres / 19h / Solidariedade en acción

Sábados / 11h / Higher Club / Música disco con Julio Diéguez e Iván Mera


Sábados / 12h / Os deportes

Sábados / 13h / 100% música / Dance, con Begoña Fdez. e Silvia Borrazás

## E 24h de música sen complexos

Faite oír sen ataduras.

Cóntanos o que queiras no 981 631 078



## Querida lúa

### O ciclo da lúa

**Chea** 27feb / 28mar / 27abr / 26mai

**Mingua** 4feb / 6mar / 4abr / 4mai

**Nova** 12feb / 14mar / 12abr / 12mai

**Medra** 20feb / 22mar / 20abr / 19mai

## Farmacias

O servizo de urxencia está organizado entre as farmacias dos concellos de Oleiros, Cambre e Culleredo. Cada semana, corresponde o servizo nocturno ás seguintes oficinas:

**TURNO 1** Están de Guardia do 8 ó 15 feb., e do 15 ó 22 mar. A este turno pertencen:

**Oleiros** [Camillo D. Valiño, 1] • **O Temple**. [Costa da Tapia, 1]

**TURNO 2** Están de Guardia do 15 ó 22 feb., e do 22 ó 29 mar. A este turno pertencen:

**Mera-Serantes-Lorbé** • **O Portazgo-Vilaboa** • **Cebre**

**TURNO 3** Están de Guardia do 22 feb. ó 1 mar., e do 29 mar. ó 5 abr. A este turno pertencen:

**Perillo** [Avda. Rosalía Castro] • **Cambre**

**TURNO 4** Están de Guardia do 25 xan. ó 1 feb., e do 1 ó 8 mar. A este turno pertencen:

**Nós** • **Rutis** [Av. Vilaboa]

**TURNO 5** Están de Guardia do 1 ó 8 feb. e do 8 ó 15 mar. A este turno pertencen:

**Santa Cruz** [Avda. Concepción Arenal] • **O Burgo**

**Servizo permanente: Sigrás-Cambre e Tarrío-Culleredo**

## As mareas

### Horas de domingos

#### Preamares febreiro

Día 3	07,16 e 19,46
Día 10	02,11 e 14,38
Día 17	08,03 e 18,18
Día 24	00,34 e 13,08

#### Baixamares febreiro

Día 3	00,52 e 13,30
Día 10	08,26 e 20,35
Día 17	12,11
Día 24	06,53 e 19,10

#### Preamares marzo

Día 3	06,02 e 18,25
Día 10	01,10 e 13,44
Día 17	05,01 e 17,14
Día 24	11,45
Día 31	04,55 e 17,15

#### Baixamares marzo

Día 3	12,12
Día 10	07,29 e 19,40
Día 17	11,07 e 23,19
Día 24	05,22 e 17,46
Día 31	11,03 e 23,19

#### Preamares abril

Día 7	12,30
Día 14	04,04 e 16,17
Día 21	09,58 e 22,28
Día 28	03,50 e 16,10

#### Baixamares abril

Día 7	06,07 e 18,25
Día 14	10,08 e 22,23
Día 21	03,31 e 15,59
Día 28	09,57 e 22,16

#### Preamares maio

Día 5	10,34 e 22,53
Día 12	03,04 e 15,20
Día 19	08,20 e 20,46
Día 26	02,46 e 15,07

#### Baixamares maio

Día 5	04,05 e 16,32
Día 12	09,09 e 21,28
Día 19	01,59 e 14,18
Día 26	08,54 e 21,14

Por favor, se detecta algún erro ou a carencia dalgunha información, comuníquenolo para poder subsanaló.



Alternativa dos Veciños / Ángel García Seoane

## Ó mal tempo, boa cara

Logo do pasado outono cheo de borrascas e forte aparato eléctrico e dun crú e frío inverno, chegou a calma.

O clima que estamos a disfrutar nos últimos meses deste inverno, está a posibilitar que volquemos toda a nosa enerxía e o noso tempo en facer posible que os proxectos de obras, servizos, equipamentos e actividades que sementamos no noso Programa Político e nos orza-

mentos municipais para o 2001, sexan unha realidade para os veciños de Oleiros, que xa están a recoller os seus froitos.

O forte retraso na plantación dos produtos, debido ás condicións adversas orixina- das por elementos oscilantes e imprevisibles, alleos ós expertos meteorólogos do observatorio oleirense, non vai impedir que a colleita do 2001 se recolla na súa totalidade, aínda

que cun pequeno retraso.

Os xornaleiros e capataces da Alternativa dos Veciños non escatimaremos nin un só minuto do noso traballo para que así sexa.

Agardemos que este bo tempo que disfrutamos se prolongue, e que aqueles que trouxeron as tormentas e a intención de conxelar os orzamentos a pasada primavera, atopen sosego ó forte sofoco que están a padecer.

editorial

## A información municipal

Esther Pita Pita. Alcaldesa de Oleiros

A singularidade da Alternativa dos Veciños nunca foi aceptada por determinados sectores sociais e políticos.

A nosa forma de traballar é assemblearia e en contacto directo cos veciños, e non lles gusta que estemos abertos ó debate e a participación. Por iso coartan intervindo, con diferentes formas de presión e amistades, en determinados medios de comunicación, radio e prensa, para que non emitan, ou mediaticen, as noticias que desde o Concello se xeneran.

Esta situación, que estamos a padecer unha e outra vez, levounos a crear os medios de comunicación municipais co fin de informarnos sin ningún tipo de cortapisa, —como non podía ser de outra forma—, e sempre ó amparo da Lei de Bases de Réxime Local que otorga a ós Gobernos Locais o elixi-los medios que estimen oportunos para informar ós veciños.

Hoxe, o Goberno de Oleiros, conta con dúas canles de información: unha oral —Radio Oleiros 105.5 FM—, a outra escrita que é o xornal que nestes intres tes nas túas máns “Vivir en Oleiros”.

Desde a súa existencia, os veciños de Oleiros dispoñen de información veraz e directa, a través dos artigos, noticias e intervencións dos concelleiros responsables das diferentes áreas así como do Portavoz do Goberno.

Tamén se posibilita a participación viva tanto dos veciños como das diferentes entidades culturais e sociais, na divulgación das súas actividades, axudando a facer posible o Oleiros que hoxe todos disfrutamos.

Lamentamos que os Concelleiros da oposición non estén dacordo, tampouco o esperamos, pero non imos ser hipócritas: a verdade nunca é absoluta. Cada un ten unha visión das cousas, que é moi respetable. E informar sobre os asuntos do Concello é competencia do Goberno Municipal, como levar adiante o resto dos servizos públicos. Esas son as regras da democracia, que sempre defendimos e defenderemos.



Partido Popular / José Manuel Devesa Núñez

## Apuesta firme por Oleiros

Oleiros afronta su futuro con esperanza y optimismo. En los últimos años, los vecinos han prestado su apoyo al PP, y su voluntad ha querido fortalecer la representación municipal de esta formación desde 1995. Jesús M. Fernández Rosende está al frente de un equipo de 8 concejales y en las últimas elecciones municipales sólo 500 sufragios lo separaron de Alternativa dos Veciños, que gobierna en minoría.

Pero también han sido brillantes los resultados del PP en las elecciones autonómicas, generales y europeas. Los resultados no han dejado de crecer y superaron reite-

radamente los objetivos marcados para el PP de Oleiros.

El Grupo Popular afronta el desafío de, desde la oposición, conseguir elevar la calidad de vida de los vecinos, respetando las disposiciones legales y los acuerdos plenarios. Para eso realiza un control pormenorizado de las acciones de gobierno y mantiene una puerta siempre abierta al diálogo con todas las formaciones con representación municipal.

La suma de voluntades de las formaciones representadas en el Pleno, han dejado en minoría al equipo de Alternativa dos Veciños, que con sus actuaciones ha acabado con el pacto tradicional que

mantería con el Partido Socialista y ha alejado de su programa político al BNG.

La oposición ha desarrollado un papel importante en esta legislatura, y en ocasiones ha tenido que tomar el pulso a la política municipal, ante la incapacidad demostrada por el equipo de Alternativa. El Grupo Popular, de la mano de Fernández Rosende, ha mostrado un alto grado de responsabilidad y de respeto por los vecinos de Oleiros en cada una de sus actuaciones, lo que convierte a esta acción política en un firme candidato para asumir las labores del Gobierno Municipal.



Partido Socialista Obrero Español / Grupo Municipal Socialista

## Más carreteras y menos propaganda

La ampliación de la red viaria es una de las medidas más importantes para el bienestar de los ciudadanos y para el desarrollo económico del municipio. Los viales no cumplen los mínimos de seguridad: faltan aceras, iluminación y ancho. Peatones, niños y mayores sufren la inseguridad y los automovilistas también.

En cada presupuesto anual los socialistas hemos advertido que la red viaria ha sido siempre abando-

nada por el gobierno municipal. La modificación del Plan de Urbanismo que vamos a emprender debe dejar perfectamente planificada la futura red viaria.

Para conseguir mayor seguridad y tranquilidad en los pueblos es necesaria la Vía Rápida “Vía Ártabra” y acceso a ella desde cada una de las poblaciones de Oleiros. Las carreteras de circunvalación, al igual que la prevista en Perillo, han de permitir desviar el tráfico del

centro de lugares tan poblados como Oleiros, Santa Cruz y Mera.

Oleiros crece espectacularmente sin que la red viaria aumente. Las viviendas las hacen los promotores, pero las carreteras y el transporte deben solucionarlo las administraciones públicas, y pese a ello, en los últimos años, ni el Ayuntamiento ni la Xunta han cumplido con su deber. Los éxitos están a la vista, se miden en kilómetros. Cero. La propaganda del gobierno

quiere ocultar esta realidad.

Todos los grupos políticos deben sumar fuerzas y aportar ideas para resolver de una vez la carencia de carreteras y la Reforma del Plan de Urbanismo. Para ello, a propuesta socialista, el Pleno ha creado una Comisión Especial con un miembro de cada partido. Una oportunidad para cooperar en beneficio de Oleiros que debe comenzar urgentemente a funcionar.



Bloque Nacionalista Galego / Antón Tenreiro

## A oposición responsábel

Apesares das diferencias que temos co Goberno Municipal en aspectos tan importantes como o funcionamento de Radio Oleiros ou a política urbanística e de vivenda, dende o BNG non entorpecemos nin paralizadmos o labor de Gobeno, como fan PSOE e PP na Fundación de Cultura ou como fixeron nos orzamentos do ano pasado, aprobados con cinco meses de retraso pola política obstruccio-

nista destas dúas forzas.

Nós priorizamos os intereses dos veciños e os demais os intereses do partido, e facemos un labor de oposición ao goberno dende a denuncia responsábel e as iniciativas positivas.

Agardamos que este ano impere a cor dura e que os intereses partidistas non leven a dar o lamentábel espectáculo do pasado ao para arovación dos orzamentos.

Operación Trunfo



O éxito de Oleiros fai que comece a escasear o solo para a construción

# Imos reforma-lo Plan Xeral

O solo para a construción comeza a escasear no noso concello. A gran cantidade de urbanizacións en marcha e a garantía de que Oleiros siga a ser un exemplo de territorio ordenado, respetuoso co medio ambiente e de alta calidade obríganos a dar respostas a novas iniciativas de crecemento.

## ■ Os retos da reforma:

- Nova rede viaria
- Reordenación de perímetros urbanos
- Novos servizos e equipamentos
- Subsanación de erros
- Adaptación á Lei do Solo de Galicia

O Goberno Municipal quere realizar unha revisión parcial para que o principal documento público municipal supere algunhas aristas que o puiden converter en obsoleto en pouco tempo.

**A revisión da rede viaria, o reordenamento de perímetros urbanos, a subsanación de erros e a adaptación á nova Lei do Solo de Galicia é o que se persigue con esta reforma.**

Pero a filosofía permanece intacta: protección ambiental, edificación de baixa densidade e

riguroso control da construción.

Revisárase a rede viaria, procurando máis uniformidade sobre alineacións de rúas, camiños e estradas. Ademais, incorporárase o novo Plan Viario Comarcal, especialmente a Vía Ártabra.

A nova Lei do Solo de Galicia será outra das adaptacións que necesita o Plan.

Queren tamén subsanar boa parte dos pequenos erros técnicos que se foron detectando.

Outra das iniciativas que vai incluída nesta reforma pre-

tende reordena-los perímetros urbanos existentes na actualidade, e defini-la implantación e localización de novos servizos e equipamentos, para que o noso concello siga a manter un alto nivel de prestacións ó cidadán.

Esta aposta é consecuencia dunha necesidade moi sentida por propietarios e xestores do solo. O actual dinamismo da construción e o éxito do noso Concello como lugar preferido para vivir fixo que o solo previsto na revisión anterior comece a escasear.

■ Unha Comisión especial de concelleiros, veciños, promotores e empresarios será informada permanentemente dos traballos técnicos da reforma

Unha distinción que honra ó noso municipio

■ A guía do urbanismo municipal confirma que Oleiros segue marcando pautas en todo o país

Cinco estrelas. Esa é a calificación que deu a Oleiros o Colexio de Arquitectos de Galicia que estudia, entre outras cousas, a calidade

urbana dos pobos e cidades do país. O Colexio de Arquitectos colleu tódolos concellos de Galicia e analizou a súa maneira de entende-lo urbanismo.


A existencia de plans especí-

ficos, a coidada ordenación, a disciplina urbanística, as solucións técnicas, o número de técnicos e a súa cualificación e en xeral tódolos aspectos que inciden nunha boa xestión.

Ó final, o resultado foi conceder a Oleiros as 5 "casiñas", por diante de Allariz e Santiago, con 4 "casiñas" cada un.

Un final moi satisfactorio

para un Concello que sempre deu unha resposta urbanística e civilizada á altísima presión constructora que presenta. Un urbanismo humanista, preocupado polas persoas e o medio natural que en ocasións coma esta vé cómo se recoñecen públicamente os resultados da súa aposta política por un entorno residencial de calidade.





A conservación dos parques preocupa ó Goberno Municipal. ¿Para qué queremos tantas áreas de esparcemento, se non somos capaces de mantelas en boas condicións? É necesaria a creación dunha empresa mixta de servicios, proposta que agora está bloqueada pola oposición. Pero mentres tanto contrataremos unha empresa especializada, que seleccionaremos por concurso.

# Parques mellor coidados

Son moitos os lugares públicos que conseguimos para o disfrute de todos os cidadáns. Pero ata este momento fomos respondendo con medios propios ó mantemento da maioría dos parques, o que non daba moi bons resultados.

Outros (José Martí de Santa Cristina, Luis Seoane de Santa Cruz ou a Praza de Galicia de Oleiros) están mantidos por unha empresa encargada da súa conservación.

Agora pretendemos estender este sistema ó resto dos parques, polo que se está a elaborar un proxecto para sacalo a concurso e se presenten ofertas.


Lograremos así que os parques públicos respondan ós niveis de calidade que distinguen a Oleiros como un territorio donde os mellores lugares están dedicados ó esparcemento e o lecer dos cidadáns.

## Apoio ás comunidades das urbanizacións

Unha das maiores novidades que aportará o próximo orzamento municipal consiste en apoiar ás Comunidades de Propietarios das urbanizacións que se encargan de manter os parques públicos ubicados no entorno das súas vivendas.

O Goberno Municipal contemplará nos presupostos do 2002 unha partida para axudar ás urbanizacións a realizar ese mantemento das zonas verdes xerais, que ata agora corría somentes por conta das Comunidades de propietarios.

■ *Queremos estender a todos os grandes parques o modelo de xestión especializada que xa se practica nalgúns*



Parque José Martí, en Santa Cristina

O aparcamento público dispón de 150 prazas

## Parking da glorieta, novo intento

Un imaxinativo sistema de colaboración entre empresarios e o dono do Parking de Guyatt vai permitir que o estacionamento sexa máis utilizado e os cidadáns que van pasalo ben a Santa Cristina aparquen o coche cómodamente e a un prezo baixo.

Gracias ó acordo, os clientes da hostelería terán 2 horas de aparcamento gratis, e a partires da terceira

costaralles 0,90 euros por hora.

Cúmrese así o terceiro intento por relanza-lo aparcamento, construído por obrigación municipal para facilita-lo aparcamento público nesa zona de Perillo.

A suposta falta de aparcamento, que tanta polémica levantou o pasado ano, choca frontalmente coa cultura cidadana, non acostuada a pagar por aparcar.

■ *Os negocios de Santa Cristina implícanse na xestión, pois eles son os máis interesados en que o aparcamento funcione*

## Vivendas, bolera e novo aparcamento, en Finca Etcheverry

Os plans que se van coñecendo para a Finca Etcheverry, situada entre as Avdas. de Santa Cristina e Che Guevara, inclúen un edificio no que ademais de vivendas está prevista a construción dunha gran bolera pública. O aparcamento terá tres áreas: para residentes, para a bolera, e 90 prazas públicas.

Mera está a experimentar unha considerable transformación. O Ministerio do Medio Ambiente aprobou por fin a execución da primeira fase do Paseo Marítimo, se ben aínda non fixaron a data de contratación. Agárdase que nos primeiros meses de 2002 a saquen a concurso.

# Por fin aproban o Paseo de Mera

■ *A primeira fase vai desde Santa Ana á Praza de Miramar. Para a segunda hai que conseguir máis solo*



A nova praza entre O Arxentino e Miramar

## Duas novas prazas públicas

■ *Ubicadas no entorno do Arxentino e tra-lo Nai-Pai*

O entorno do Arxentino réalzase cunha nova praza pública á beira do mar, pero moi axiña comezará a construción dunha nova urbanización, tra-la cafetería Nai-Pai, unha promoción de 107 novas vivendas e a construción dunha nova praza pública e parque de máis de 7.000 m<sup>2</sup>.

Esta nova acción inmobiliaria, unida á reforma do paseo e ó importante número de servizos públicos de que dispón Mera, servirá para que esta poboación turística do norte conforme o seu despegue como núcleo residencial de calidade.

Mera está de noraboa. Por fin, a Dirección Xeral de Costas do Goberno Central aprobou a primeira fase de execución do Paseo Marítimo, aínda que non apunta a data concreta da contratación. Pero é unha moi boa noticia para os veciños da localidade do norte. Esta primeira fase costará 255,7 millóns de pesetas, e as obras durarán 10 meses.

O proxecto realizado polo municipio e que, tras múltiples reformas realizadas ó longo dos últimos anos e boicots de todo tipo, terminou por ser aceptado pola Dirección Xeral.

Na resolución, datada en Madrid, tamén anuncian que serán modificados algúns detalles da segunda fase. So queda agardar que en pouco tempo a obra poida ser contratada, iniciando así a transformación do litoral meracho, para potencia-la súa imaxe urbana e ordenalo tráfico rodado, especialmente no verán.

Este tramo do paseo marítimo vai desde a capela de Santa Ana á praza de

Miramar. Entre o mirador de Sta. Ana e o edificio "Navimar" (de fachada azul), a vía trasládase 3m. para dentro, desde este lugar á Perla, o paseo decorre por riba da area da praia, e para chegar á praza de Miramar, sobe co nivel actual. O pavimento será adoquinado, para aminora-la velocidade, canalízase o regato do Punxeiro e constrúese unha nova escollera para evitar que os áridos obstrúan a saída da lagoa ó mar.

A segunda fase, que vai desde Miramar á praia de Espiñeiro, queda para máis adiante, xa que será necesario dispoñer dalgúns terreos que hoxe ocupan varios pequenos edificios.

■ **Cando estábamos pechando esta edición, saltou unha noticia: Semadenta paraliza-la construción do paseo cun recurso, pero non lles dará resultado. Non paralizarán as melloras. Mera merece accións positivas e cara adiante.**

## Unha reforma de calidade

# Concluída a reforma do adro de Serantes

Na Igrexa de Serantes conflúen a maior parte dos veciños de Mera, xa que resulta un tradicional lugar de reunión social. O lugar donde se ubica, á saída de Mera cara a Dexo, estaba sen urbanizar e non presentaba un bon aspecto. As obras están a rematarse, e reformaron todo o adro e a zona anexa con aceras, peque-

nos parterres axardinados, mobiliario urbano e un cruceiro construídos por alumnos do Centro Municipal de Formación Isaac Díaz Pardo.

Ademáis do aspecto visual, mellorou moito a seguridade viaria. Tamén se adecentou a fonte de Punxeiro, recuperando o seu manancial e axeitando o entorno.

■ *O edificio relixioso quedou realzado coa urbanización do seu entorno*



O adro da Igrexa de Mera



A demagogia de algúns cae polo seu propio peso: 83 familias teñen xa a súa vivenda de prezo protexido

# Comenzan a verse resultados dun Plan de Vivenda único



**83 familias xa teñen a súa vivenda en diversos lugares do concello e a prezo reducido. É o resultado que vai dando a política municipal de vivenda.**

Lugares de calidade para vivendas de calidade, pero a prezo máis baixo que as do mercado libre. Ese foi o obxectivo do Plan de Vivenda, consistente en vender solo a baixo prezo para construír nel vivendas con algún tipo de beneficios públicos dos regulados pola Xunta. Hai algúns concelleiros que fan moita demagogia coas vivendas. Ningún Concello de Galicia ten unha política tan progresista e atenta coas persoas que desexan unha vivenda a menor prezo. Só algún argumento demagórico non reconece os evidentes beneficios sociais desta política.

## O exemplo da Cova

Nesta urbanización, o prezo do solo influirá no prezo da vivenda só en 1,6 millóns de pesetas, mentres no mercado esta influencia é de uns 6 millóns.

Ou o que é o mesmo: a subasta sae en 38 millóns cando o prezo de mercado acadaría os 120.

**¿Qué significa isto? que o Concello deixa de ingresar uns 80 millóns de pesetas en beneficio de 24 familias.**

**■ Se queres informarte mellor, chama ó Teléfono do Veciño 981 610 000**

## Adxudícase máis solo para unifamiliares e VPO

Recentemente adxudicáronse 11 parcelas en Montrove e Bastiagueiro a veciños que acodiron á subasta convocada polo Concello.

Próximamente sairán a subasta máis parcelas en Bastiagueiro e Oleiros, sobre o que te podes informar na Secretaría Municipal (981 610 000).

Ó quedar deserta por segunda vez, sairá novamente a subasta unha parcela para construír 24 vivendas nun edificio da urbanización A Cova, en Santa María de Oleiros.



Edificio de Caavamontes



Promoción na Rúa Pombal



A promoción de Icaria

## As primeiras realizacións

Estes son os primeiros edificios construídos en parcelas vendidas polo Concello nos que xa están a vivir varias familias.

En Caavamontes, un edificio de 28 vivendas para aluguer a prezos fixos (entre 55.000 e 60.000 pts. por piso de 90m<sup>2</sup>), e contrato de 10 anos.

Moi perto dalí, no Pombal, os veciños xa ocupan un edificio de 7 vivendas.


En Icaria, rodeado de parque e a un paso da Av. das Mariñas, dous bloques con 36 vivendas.

E no Graxal, tamén á beira da N-VI, está construíndose un edificio de 16 vivendas.

Agora a política autonómica de promoción da vivenda non inclúen as condicións de antes, cando se construíran as vivendas sociais de Arillo e a Xunta financiaba o 50% do seu importe.

**■ Oleiros, Perillo, Liáns e Nos, lugares das próximas ofertas**

## O Plan continúa con novas promocións



Nos próximos días sairán novas promocións, que ofrecerán 16 vivendas no Graxal, outras 16 nas Galeras (Sta. Cruz); 48 en Romardeiro, tamén en Sta. Cruz; 24 na Cova, perto de Oleiros. Ademais, o IGVS promove en Mesón da Auga (O Carballo-Nos) unha urbanización de 189 vivendas públicas.

Ademais, está previsto que a mediados de ano se oferten outras 185 vivendas de promoción pública en Maianca e Perillo.

## Obras públicas para mellora-la calidade urbana

A tardanza en aproba-lo presuposto do pasado ano trouxo consigo unha acumulación de contratación de obras en decembro. Un 70% delas están executadas, e o resto serán realidade ó longo deste primeiro trimestre do 2002. Todas elas repercutirán na mellora da calidade urbana e na comodidade dos veciños.

# As obras en marcha

## ■ Lorbé Dexo

Rede de saneamento con bombeo nas rúas Agra do Río e Jiménez Herrero. 3.000 euros (5 millóns de pts.), en colaboración cos veciños.

## ■ Os Carballos Dexo

Alcantarillado en colaboración cos veciños. Costa 10.000 euros (1,7 millóns de pts.)

## ■ Lorbé Dexo

Rede de auga e saneamento na rúa O Pinar. 2.000 euros (3,5 millóns de pesetas), en colaboración cos veciños.

## ■ Casa do Pobo Dexo

A construírse no campo da festa. Costa 168.000 euros (28 millóns de pts.)

## ■ O Couto Dexo-Lorbé

Andén peatonal en convenio coa Xunta. O Concello prepara o terreo, constrúe a rede de pluviais e habilita o espacio. A Xunta pavimentará a zona.

## ■ J.Herrero Dexo-Lorbé

Andén peatonal entre O Cubo e Lorbé, para peatóns e ciclistas.

## ■ Aba Dexo

Séllanse os pozos de alcantarillado. 10.818 euros (1,8 millóns de pts.), para mellora-lo funcionamento dos bombes.

## ■ Maianca-Serantes

Peche con travesas de dous espazos: o regacho de Maianca e unha zona do Seixo Branco. 39.000 euros (6,5 millóns de pts.).

## ■ Mera Serantes

Asfaltado da Rúa do Xabron, por 4.800 euros (800.000 pts) e aceras na Av. Celso Emilio Ferreiro, en Xoez, por 96.000 euros (16 millóns de pts.)

## ■ R. do Couto Dorneda

Amplíase a rede de saneamento para dar novo servizo a un núcleo en Abeleiras de Abaixo, en colaboración cos veciños.

## ■ A Edreira Oleiros

Despois da paralización das obras por denuncia dun veciño ante a Xunta, comezaron as obras do novo depósito de auga. 300.000 euros (50 millóns de pts.).

## ■ Edreira-Real Oleiros

Aceras na avenida Núñez Montero, entre o centro e A Edreira. Aprovéitase para renova-la tubería da auga. 150.250 euros (25 millóns de pts.).

## ■ Os Regos Liáns

Cubrición da pista polideportiva. 204.350 euros (34 millóns de pts.). Tamén ampliación dos vestiarios do campo de fútbol, e peche do recinto.

## ■ As Torres Sta. Cruz

Aceras neste tramo de tráfico intenso, para mellora-la seguridade viaria. Costan 9,3 millóns de pts. (55.900 euros).

## ■ O Repicho Sta. Cruz

Por fin, a reforma desta rúa que comunica o centro do pobo co paseo marítimo. 96.000 euros (16 millóns de pts.).

## ■ As Galeras Liáns

Comeza a construírse a segunda fase da urbanización, de promoción municipal, financiada polos propietarios e o Concello. 9,3 millóns de euros (156 millóns de pts.)

## ■ Perillo Piscina

Alumeado público e mobiliario urbano no entorno da piscina 12.000 euros (2 millóns de pts.).

## ■ Perillo Sta. Cristina

Construcción da nova rede de auga para Santa Cristina, por estar obsoleta a rede existente e provocar constantes averías. 204.350 euros (34 millóns de pts.).

## ■ Perillo Sta. Cristina

Pavimentacións das rúas Xuncal e Linneo. 46.000 euros (7,7 millóns de pts.)

## ■ Perillo Cova dos Bois

Adecantamento da zona anexa á pista polideportiva, en Sta. Cristina, que quedará convertida en nun novo xardín.

## ■ Perillo Rúa Darwin

Entre a Rúa Darwin e a avda. Che Guevara crearase un terceiro carril para facilita-la incorporación. Costa 9.600 euros (1,6 millóns de pts.)

## ■ Perillo Rúa Hábitat

Por fin ábrese a conexión da rúa Hábitat coas rúas do Xabron e O Inglés.

## ■ Sta. Cristina Glorieta

A remodelación habilitará novos aparcamentos e carril de acceso á Corredoira das Viñas. Costa 53.000 euros (8,8 millóns de pts.).

## ■ A Choupana Montrove

Reordenación do cruce, para mellora-la circulación rodada e a seguridade peatonal.

## ■ Pr. Libertade Nos

Novo xardín nunha anexa á Casa do Pobo, e aceras. 51.000 euros (8,5 millóns de pts.)

## ■ Minusválidos

Estáanse a pintar e sinalizar espazos para aparcas en diversas zonas do Concello, e se eliminaron barreiras arquitectónicas.

## ■ Marquesinas

Están pendentas as de Xubín, Pousada, Salvador Allende e Os Galgos, así como a reubicación da parada do bus de Cabreira.

## ■ Mobiliario urbano

Invirtense 39.000 euros (6,5 millóns de pts.) en: Salvador Allende, María Pita, O Castelo, Maianca, Xardín de Nos, Pazo Arenaza, O Broño, Concepción Arenal, Casa do Pobo de Iñás e Lamastelle. Inclúense bancos, papeleiras, bolardos, paneis de sinalización, etc.

## ■ Danos dos temporais

Os danos do mal tempo do pasado ano están sendo atallados con diversas obras de infraestructuras, sobre todo para previr repeticións indesexadas. O conxunto das obras costa 5 millóns de pesetas (30.050 euros).

— Canalización do regato de San Pedro, na rúa da Vila, en Iñás.

— Canalización do regato na rúa Os Xacintos.

— Nova taxea na Pezoca (Oleiros), para a circulación de pluviais.

— Nova ponte no Río do Couto, de Dorneda.

— Reparación do cruce do regato de Punxeiro coa rúa Doctor Fléming.

## Melloran os alumeados de distintas parroquias

Veñen de contratarse as melloras no alumeado público, que quedarán realizadas en breve. En total costan uns 176.000 euros (30 millóns de pts.)

### ■ Perillo

Tramo do Clube de Regatas na **av. das Américas** e na av. de Sta. Cristina.

Tamén se mellora o alumeado das rúas **Neira Vilas** e **A Barreira**, que se atopaba defectuoso, así como o do xardín da **Biblioteca Rialeada**.

Mellórase ademais o da urbanización **Bastiaqueiro**.

### ■ Liáns

En Santa Cruz, mellórase o alumeado dos porches da **praza circular de Liáns**.

Tamén se realizan no **Sendeiro** e **Rúa Maside**, entre o cruce das Pedreiras e O Carballo.

### ■ Dexo

Rúas **Golfiño** e **O Pinar** e a urbanización **A Granxa**.

### ■ Serantes-Maianca

Na Casa do Pobo de **Mera**, e en **Castro da Groba** (Xoez).

### ■ Dorneda

Na rúa **Viñas de Babilonia**, **Pardo Bazán**, zonas de Franzomel e Abeleira de Arriba e **Benito Feijoo**.

### ■ Nos

Nas rúas **Xílgaros**, **As Pitas**, **Benito Vicetto** e **Salvador Allende**.



# ¿Cómo van os asfaltados?

Os pavimentos deste ano son os máis importantes dos últimos tempos. Unha acción que costa 172 millóns de pesetas (103.400 euros) e servirá para circular mellor. Tamén se aproveita para introducir redes de gas e fibra óptica por algunhas vías.

## ■ Xa rematados

Doctor Fléming	Mera-Serantes
Subiña	Dexo
Casco urbano de Xoez	Mera-Serantes
A Seara	Nos
Bartolomé de las Casas	Nos
Pilar Estévez Diéguez	Nos
Miraflores	Oleiros
Xesteira	Perillo
Corredoira das Viñas	Perillo
María Soliña	Sta. Cruz-Liáns
Lois Pimentel	Sta. Cruz-Liáns
Suárez Picallo	Sta. Cruz-Liáns
Salvador de Madariaga	Montrove-Liáns
Xabrón	Mera-Serantes
Granxarón	Mera-Serantes
Camposeiras	Dorneda

## ■ Están executándose

Río do Campo	Maianca
Cabreira	Maianca
Outeiro	Maianca
Xentiña	Maianca
Núcleo urb. do Broño	Maianca
Jiménez Herrero	Dexo
Avenida do Mar	Dorneda
A Vila	Iñás
Manuel Murguía	Nos
Rúas de Icaria	Montrove-Liáns
Benito Feijóo	Dorneda
As Margaridas	Dorneda
O Granxarón	Serantes
Morriña	Oleiros
Xusticia	Nos
O Pirinxel	Dexo
Benito Feijóo	Dorneda
As Margaridas	Dorneda
O Pinar	Dexo
Canabal	Serantes
Camariña	Liáns
As Canceiras	
Av. do Mar (zona porto)	Liáns
As Carrizas	Iñás
Figueiras	Oleiros
Follas Novas	Liáns
O Riveiro	Perillo

## ■ Outras reparacións

Rúa Pingóns	Nos
Camión Fonte de Sarro	Nos
Xuncos	Nos
Lavandeiras	Nos
Amapolas	Nos
Avelino Cachafeiro	Nos
Herba Lameiriña	Liáns
As Grobias	Nos
Xilgaros	Nos
Chasco	Nos
República Arxentina	Dorneda
Bartolomé de las Casas	Nos
Pilar Estévez Diéguez	Nos
Estrada de Coroto	Nos
Castranelas	Dorneda

■ *Moitas destas obras aproveítanse para canaliza-lo gas e a fibra óptica*

## Varios meses de obras causarán trastornos

### Sta. Cristina: disculpen as molestias!

As últimas fases de mellora da rede de abastecemento de auga, a canalización de servizos como o gas e a fibra óptica, así como outras obras de asfaltados, aceras, reordenación do tráfico e alumeadado público encherán Santa Cristina de obras durante uns 5 meses.

O Concello solicita a comprensión dos cidadáns para levar a bon fin as obras demandadas pola Asociación de Veciños A Ría de Perillo.



Área infantil do Parque José Martí

## ■ Novos xogos

Instalouse unha nova área infantil no Parque José Martí, substituindo a anterior, que foi retirada para ser restaurada polos alumnos de carpintería do Centro Municipal de Formación Isaac Díaz Pardo, que tamén se encargaron de construír esta nova instalación.

Obras públicas para mellora-la calidade urbana

## As obras en contratación

Moitas obras estarán a piques de iniciarse cando esta edición de Vivir en Oleiros chegue ó seu domicilio. Son obras correspondentes á última xeira de contratacións con cargo ó presuposto do 2001.

### ■ C. Enríquez Mera

Aceras entre A Pía e A Perla. Costan 51.000 euros (8,5 millóns de pts.).

### ■ Arillo Dorneda

Andén peatonal entre Arillo, Lourido e Abeleiras. 70.000 euros (11,4 millóns de pts.) financiada ó 50% entre Concello e a Cotop.

### ■ R. Castro Perillo

Tramo de aceras desde o Rialeda á Escola das Pedras, na Av. Rosalía Castro. Convenio coa Xunta, costa 33.000 euros (5,6 millóns de pts.).

### ■ Nos e Oleiros


Tubería de auga nas rúas Armental, Salvador Allende e Bartolomé de las Casas, en Nos, e na rúa O Cruceiro, en Oleiros. Costa 12,3 millóns de pts. (74.000 euros).

### ■ O Valiño Nos

Acondicionamento da urbanización. Costa 820.000 euros (136 millóns de pts.) costeada por propietarios e Concello.

### ■ Pintados

Píntanse a Casa do Pobo de Lorbé, o Pabillón Polideportivo de Oleiros e as pistas do Colexio Luis Seoane, de Mera, por 5,8 millóns de pts. (case 35.000 euros).



Muiño de Dexo

## O muiño de Dexo, listo

Trátase dunha pequena obra de restauración, pero ten un sabor especial, porque este recuncho servirá como lugar para desenvolver unha actividade importante, como é a divulgación da natureza e a etnografía.

Ademáis do edificio, recuperáronse as pezas básicas do funcionamento do muiño, para que todos

poidamos coñecer de perto cómo era un dos principais lugares de reunión da sociedade dos nosos devanceiros.

Os muiños, coma as fontes ou as feiras, concentraban moitas persoas que viñan moe-los seus cereais aproveitando a forza dun río e o inxenio dunha pedra rodante.

A Xustiza dá a razón ó Concello

## Vía libre ó cemiterio de Dorneda

Un auto do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia da luz verde á construción do cemiterio de Dorneda, desestimando así a solicitude de suspensión que presentara unha particular.

Este recurso de apelación servía de excusa á Deputación para ter paralizada a obra de maneira inxustificada e contraria ós intereses dos veciños.

Pero o máis grave é que o xulgado do Contencioso-

Administrativo número 1 da Coruña xa denegara en maio a suspensión da construción do cemiterio, sen que a Deputación tomara a decisión de executa-la obra.

Evidéncianse así ás claras a mala vontade do organismo provincial, que actuou movido polos intereses do Partido Popular de Oleiros e o cura da parroquia, desde o inicio contrarios a tan importante obra pública que impide o

monopolio dos nichos por parte do párroco.

A actitude da Deputación causou sorpresa no Goberno Municipal, e tamén unha profunda decepción, pola falta de lealtade. Se en maio se continuara co expediente das obras, tal e como pedía o Concello ó amparo das leis de procedemento administrativo, os veciños de Dorneda podían estar vendo cómo avanzaban as obras do seu cemiterio.

O Concello denunciou a parálise en varias ocasións e demandou á Deputación a entrega dos 355.000 euros (59 millóns de pts.) que pertencían ó Concello polo Plan 2000, pero eso non foi posible ata a resolución do contencioso.

Foron 3 anos perdidos, pero unha vez máis vencimos ós que tentan paraliza-la vida local.



El non pode máis.  
**Pero ti si.**

**Recole as defecções do teu can.**

Colabora coa limpeza e hixiene dos espazos públicos.

Concello de  Oleiros



Os presupostos do 2002 elabóranse en contacto cos veciños de cada parroquia

# Avance das obras deste ano

Están dándose pasos para redacta-lo próximo orzamento municipal, que dará especial importancia, coma sempre, ás obras públicas. Este é un primeiro avance das iniciativas que o Goberno Municipal propón, despois de escoita-las demandas dos distintos colectivos veciñais. O orzamento total previsto ronda os 9,5 millóns de euros (uns 1.600 millóns de pesetas).

## ■ Edificios públicos

**Neste capítulo das obras, continuará a recuperación de antigas construcións para lles dar novos usos sociais e culturais. Tamén se potencian os mantementos e se construírá un gran auditorio, do que actualmente carece o municipio.**

- Restauración da Casa Guyatt
- Conversión do Cuartel Mera en auditorio multiusos
- Novo auditorio Municipal en Bastiagueiro
- Reparacións en varias Casas do Povo
- Pinta-la Casa do Povo Iñás
- Pinta-la Casa do Povo Mera
- Pinta-lo Centro Cultural As Torres
- Cubri-la Polideportiva de Lorbé
- Adecua-las Naves A Fábrica para a ampliación das escolas de Música e Danza
- Obras e equipamentos das futuras ludotecas

## ■ Urbanizacións e proxectos

**Varias iniciativas para seguir deseñando o novo Oleiros de calidade que nos merecemos. As iniciativas deste ano serán:**

- **Financiación do 10% das urbanizacións seguintes:**
- 1ª Fase tra-lo Nai-Pai, en Mera
- UE 8 industrial Nos
- Polígono industrial Iñás
- O Carballido
- A Fonte (3 R)
- UE - Cabreira - A Lagoa
- UE - Sta. Cristina

### **Contratación de proxectos:**

- Galeras III (Bastiagueiro)
- Urbanización Naval (Dorneda)
- Agramar-Sta. Cristina

## ■ Compra de solo

**Novos espazos para amplia-las zonas públicas dun municipio cada vez mellor dotado de comodidades e servizos.**

- Terreos paseo Mera
- Parque Metropolitano
- Terreos Paseo Naval
- Terreos para aceras

## ■ Augas e alcantarillados

**Varias redes deste servizo público serán renovadas por estaren obsoletas, e outras serán ampliadas para servizo de máis veciños.**

### **Renovación Redes de auga:**

- Rúa da Neveda
- Rúa da Rula
- Urbanización Rialta
- Avda. Che Guevara Orlinda - A Nirvana

### **Alcantarillados:**

- Rúa Os Pingons (Nos)
- Rúa dos Carballos (Lorbé)
- Franzomel - Gaiteira (Liáns)
- Campamento - Fonte do Ouro (Iñás)

## ■ Fontes e lavadeiros

**O noso Concello foi pioneiro nesta liña de recuperación das vellas fontes e lavadeiros. Moitos xa se poden ver co seu novo esplendor ó longo de todo o municipio. Este ano, recuperaránse os mananciais e entornos de:**

- Río da Gándara (Nós)
- Fonte da Carmiña (Nós)
- Lavadeiro do Couto (Dorneda)
- Fonteornela (Dexo)

## ■ Outras inversións

**Iniciativas complementarias para disfrutar dun mellor acabado urbano e novos e necesarios servizos públicos.**

- Ordenar parque Público Vilanova, en Nos
- Peche do Campo da Festa de Dexo
- Peche dos Colexios Oleiros e Canide
- Servizos exteriores no Pavillón de Canide
- Mellora e ampliación do recinto escolar de Canide
- Cemiterio de Dorneda
- Novos espazos para contenedores
- Tertulianos en Rialta, Mera e Caavamontes
- Semáforos no Seixo (N-VI) e no cruce cara a Soñeiro (Oleiros)
- Nova furgoneta para Servizos Públicos
- Equipo informático para a rede de Bibliotecas
- Obras e melloras no Campo de fútbol de Iñás
- Alumeado na rúa Escondite-Codesal (Liáns)
- Alumeado na Prova (Dorneda)
- Novo alumeado Urb. O Pinar (Nos)

## ■ Rede viaria

**O mantemento e actualización da rede viaria segue concitando a atención do Goberno Municipal. Como pode comprobarse, a construción de aceras e arcéns é unha prioridade. Para este ano están previstas:**

## ■ Asfaltados

- Rúa Fontiña (Dorneda)
- Vista Alegre - Lóngora (Perillo-Liáns)
- Carreira Cova (Liáns)
- A Cruceira (Dorneda)
- As Cerdeiras (Liáns)
- O Esqueiro (Dorneda)
- Río do Seixo (Sta. Cruz)
- O Atallo (Liáns)
- Castro da Grova (Serantes)
- Mosqueiro (Liáns)
- O Castro (Serantes)
- O Real (Oleiros)

## ■ Aglomerados

- Daniel Castelao (Liáns)
- C/ Vella (Liáns)
- Valle Inclán (Perillo-Montrove)
- A Igrexa - Campo da Vila (Iñás)
- Rúas Parque Luis Seoane (Sta. Cruz)
- Mantemento vexetal e camiños P.M. de Dexo
- Apertura Camiño Real Oleiros-Montrove
- A Gándara - Regueiro Escuro (Nos)

## ■ Aceras e arcéns

- As Torres-Franzomel. 2ª Fase (Liáns)
- Vilanova- As Grovias. esq. (Nos)
- O Cubo-Aba. dta (Dexo)
- Orlinda-O Polvorín. esq (Perillo)
- O Piñeiro-Fonte do Ouro. dta (Oleiros)
- Campamento-Fonte do Ouro. dta (Nos)
- Montrove-As Pedras. esq (Liáns-Perillo)
- Regos-Colexio Rabadeira. esq (Oleiros)
- A Pezoca-Xubín-Igrexa. esq (Oleiros)
- Choupana-Igrexa Lians. esq (Liáns)
- A Lagoa-O Regacho. esq (Maianca)
- Carril-bici Breixo-Canide. esq (Dorneda)
- Acera O Piñeiro-Charry. dta (Oleiros)
- Acera Vilar-Vilanova. esq (Nos)
- Acera estr. Vella Sta Cruz. 2 mans (Liáns)
- Acera Choupana-C. Social. 2 mans (Montrove)
- Acera Breixo-Canide. esq (Dorneda)
- Acera Arenaza-Fontes (Iñás)

# Subvencións de Os motores da vida pú

Cada ano, a Fundación Municipal de Cultura reparte case 214.000 euros (35,5 millóns de pts.) destinados polo Concello a fomenta-la vida social. Estas axudas contribúen a manter vivo o movemento social de Oleiros e a dar folgos a moitas agrupacións de cidadáns para promover os seus obxectivos sociais e favorece-la cultura, o deporte e a convivencia entre os veciños.

Este ano, ademais, incrementáronse en 4,7 millóns de pesetas, obtidos do superávit doutras partidas, para que os nenos dos colexios públicos non quedaran sen axudas para as súas actividades do último trimestre do ano. Os cartos que estaban reservados para eles, fóran destinados por PP e PSOE a outras entidades, con finalidade partidista e sen ningún criterio obxectivo.

## ¿Unha oficina privada para As Dunas?

PP e PSOE querían incluso conceder á Asociación "As Dunas" unha subvención solicitada para alugar un local, amoblalo e sufraga-la súa limpeza. Tanto esta entidade como tódalas demáis teñen suficientes espazos públicos no Concello para realiza-las súas actividades, polo que o municipio non debe sufragar estes conceptos. As Dunas ten á súa disposición a Casa da Cultura de Perillo, un local suficientemente amplo e ben dotado para reunións ou outras actividades asociativas.

As subvencións están concebidas para vitaliza-los pobos e incrementa-la cultura e a convivencia entre os cidadáns, e non para pagar oficinas privadas.



## Algunhas preguntas de interés

■ *Os criterios de reparto son claros e obxectivos*

?

### ¿Para qué son as axudas?

Concédense para anima-la vida cultural e social en todo o Concello, con actividades que teñen lugar nas escolas e institutos, e nos centros cívicos, culturais, deportivos, etc. En todas elas participan numerosos veciños.

?

### ¿Para qué actividades?

Cada entidade fai a súa programación a variada coma a rica oferta cultural de Oleiros, adaptada á finalidade de cada asociación, desde viaxes ata actividades deportivas monitizadas das APAS, pasando por cursos de todo tipo que se celebran nas Casas do Pobo ou centros cívicos. Tamén reciben apoio as festas tradicionais, as asociacións de veciños colaboran co Concello no mantemento do Pobo, as asociacións deportivas participan en eventos e desprazamentos, e un longo etcétera.



# e Cultura blica

■ *As entidades veciñais, sociais, culturais, deportivas, APAs e claustros de colexios e institutos reciben cada ano axudas municipais para programa-las súas actividades*



■ *Gracias a esta colaboración entre a institución e o movemento asociativo Oleiros dispón dunha sobresáinte vitalidade*

## Asociacións de Pais

		Euros
"Bidueiro" de Santa Cruz	1.950.000	11.719,74
Colexio Luis Seoane de Mera	1.400.000	8.414,17
Colexio A Rabadeira de Oleiros	3.000.000	18.030,36
Colexio Valle-Inclán de Perillo	2.000.000	12.020,24
Instituto Neira Vilas de Perillo	450.000	2.704,55
"Eime" (Esc. Infantil de Mera)	230.000	1.382,33
"M.Hernández", IES nº1 Oleiros	100.000	601,01
Os Pazos, do Inst. Mª Casares	775.000	4.657,84

## Colexios e institutos públicos

		Euros
I. Parga Pondal Santa Cruz	425.000	2.554,30
Rabadeira de Oleiros	700.000	4.207,08
Valle-Inclán de Perillo	300.000	1.803,04
Luis Seoane de Mera	425.000	2.554,30
Inst. Mª Casares Bastiagueiro	800.000	4.808,10
Neira Vilas de Perillo	400.000	2.404,05
Nº 1 de Oleiros	300.000	1.803,04



## Asociacións socio-culturais

		Euros
ADE-Scouts Galicia	50.000	300,51
Semente Nova de Perillo	400.000	2.404,05
A Marola de Mera	200.000	1.202,02
Folliñas de Oleiros	620.000	3.726,28
Lembranzas de Sta. Cruz	200.000	1.202,28
A.C. Frouma	150.000	901,52
Amas de Casa de Oleiros	110.000	661,11
Mulleres Rurais "A Cabana"	100.000	601,01
A.C. Vieiros	50.000	300,51
A. Xuvenil "Tania"	75.000	450,76
AspadiSol	500.000	3.005,06
C. Cult. e Instructivo	175.000	1.051,77
Coral Polifónica de Mera	200.000	1.202,02
Coro de Oleiros	200.000	1.202,02
O Corval	75.000	450,76
Soc. C.R. Amigos de Lorbé (*)	800.000	4.808,10
S.C.R.D. de Dorneda (*)	1.400.000	8.414,17
Soc. C.D. Rabadeira	195.000	1.171,97

## Comisións de festas

		Euros
O Carmen de Mera	240.000	1.442,43
O Rosario de Dorneda	240.000	1.442,43
San Xurxo de Iñás	240.000	1.442,43
San Paio de Montrove	240.000	1.442,43
San Pedro de Nos	240.000	1.442,43
O Carmen de Lorbé	240.000	1.442,43

## Entidades deportivas

		Euros
A.C.D.R. Escuela S. Pelayo	240.000	1.442,43
A.C. Clubes de fútbol	400.000	2.404,05
Atlético San Pedro	450.000	2.704,55
C.F. Sta. Cruz	210.000	1.262,13
C.D. Obrero de Oleiros	390.000	2.343,95
Hércules S.C.D.	330.000	1.983,34
Marino de Mera C.F.	510.000	3.065,16
S.D. Mercurio de Iñás	210.000	1.262,13
Unión Campestre de Montrove	270.000	1.622,73
Asoc. Dept. Mª Casares	250.000	1.502,53
A.X.C.D O Cruceiro	80.000	480,81
C.Dpt. e Mariñeiro de Mera	200.000	1.202,02
Clube Baloncesto Oleiros	75.000	450,76
Clube Breogán Oleiros	25.000	150,25
Clube Regatas de Perillo	725.000	4.357,34
Clube tenis Maianca	100.000	601,01
Clube Dept. Lóstregos	100.000	601,01
Clube Mera, F.S.	125.000	751,27
Clube Patín Coruña	170.000	1.021,72
Clube Patinaxe Oleiros	170.000	1.021,72
Miramar Surf Clube	75.000	450,76
O Independente S.D.	60.000	360,61
U.Dept. Libertade	80.000	480,81

## Asociacións de Veciños

		Euros
A Ría de Perillo (*)	1.100.000	6611,13
Ciudad Jardín de Os Regos	150.000	901,52
Dorna de Dorneda	50.000	300,51
O Hórreo de Iñás (*)	675.000	4.056,83
Os Rueiros de Nos (*)	1.250.000	7.512,65
San Antón de Dexo	285.000	1.712,88
Santaia de Santa Cruz (*)	1.075.000	6.460,88
Xoecer de Rialta	175.000	1.051,77

## ? ¿Por qué uns levan máis ca outros?

Os criterios de reparto son claros e obxectivos. As diferencias entre o diñeiro que levan unhas entidades en relación a outras xustifícanse polo número de persoas que participan nas súas actividades, ou polo número de alumnos ós que afectan os proxectos que presenta cada Colexio ou APA. Ademais, as entidades marcadas cun (\*) encárganse de manter as respectivas Casas do Pobo ou centros culturais de cada parroquia, polo que a súa asignación é máis voluminosa.

anual, tan  
Oleiros, e  
ón. Desde  
oradas  
tipo que  
tros cultu-  
roquiais e  
que cola-  
as Casas  
a material

Novas ofertas de emprego que poden consultarse no Centro Municipal de Formación, nos Regos

# Dous novos xeriátricos, máis emprego

Nos últimos anos o crecemento da poboación con máis idade é unha realidade obvia. Isto ten como resposta a creación de centros especializados no coidado para a xente maior, tanto por parte das institucións públicas, como de empresas privadas. En Oleiros serán creados dous centros xeriátricos.

A mediados de ano teñen previsto que comece a funcionar en Lamastelle o primeiro destes centros, unha residencia da 3ª Idade e Centro de día de carácter privado.

Ocupará o edificio que fora construído hai anos para acolle-lo Centro Oncolóxico de Galicia, que despois quedou no hospital Labaca da Coruña. Este inmoble levaba anos pechado e vai sufrir unha profunda transformación para aco-

lle-las persoas maiores.

Vai ter capacidade asistencial para 170 persoas residentes de forma permanente e para 40 persoas no centro de día.

Esta Residencia creará uns 70 postos de traballo divididos en tres ramas:

— Administración, na que habrá asistentes sociais, técnicos de animación socio-cultural e un administrativo.

— Sanitaria, que contará con xerocultores, auxiliares

de xerocultura, médico, A.T.S./D.U.E., fisioterapeuta e terapeuta ocupacional.

— Servicios xerais, gobernata, cociñeiro de 1ª, axudantes de cociña, recepciónistas, xefes de servicios técnicos.

Tamén contarán cun servizo de auxiliares de axuda a domicilio, servizos técnicos (mantemento), camareiros/as e limpiadores/as.

A residencia terá tamén servizo de hostelería con instalacións e capacidade

máis que dabondo para atender a toda a residencia, que contará tamén con servizo de axuda a domicilio.

No Centro de Formación Isaac Díaz Pardo recibíronse numerosas solicitudes de traballo para este centro.

■ **Agárdase que próximamente Caixa Galicia faga público a oferta laboral para outro centro que se supón de semellantes características.**

tados son **Xardineiro, pasteleiro, impresor de serigrafía, carpintería, ebanista, cociña, pintor, albanel, escaiolista, ofimática e fontaneiro**. A Xunta decidirá en febreiro a celebración destes cursos, polo que entón se anunciarán os horarios e especialidades. Todas as persoas interesadas poden poñerse en contacto co Centro (981 610 319).

## Novos cursos para desempregados

■ *Un deles ocupará o edificio de Lamastelle que leva tantos anos pechado*

Entrará polo Graxal cara a Perillo

# Adxudicada canalización do gas doméstico

O Gas canalizado e a fibra óptica están iniciando a súa viaxe por Oleiros. A súa expansión polo termo municipal coincide ademais cunha forte operación de asfaltado que será aproveitado para non ter que levantar pavimentos inútilmente.

■ *As obras coodénanse cos asfaltados previstos para non ter que levanta-lo pavimento dúas veces*

Por eso moitas obras públicas están agardando que as empresas instaladoras introduzan os seus cables e tuberías, para non ter que levanta-lo pavimento varias veces.

### A gasificación

Despois de estudadas tres ofertas que outras tantas empresas presentaron para distribuí-lo gas natural en Oleiros, a Consellería de Industria e Comercio elixiu a proposta formulada por Gas Galicia para levar este combustible ás vivendas de Oleiros.

A obra consiste en conecta-lo gas desde o termo municipal de Cambre, pero con posibilidade dunha nova conexión desde A Coruña a través da Ponte da Pasaxe.

O ramal principal parte do Temple e

percorrerá a rúa Graxal. De ahí vai a Icaria e desde esta urbanización conectará con Rosalía de Castro, para, a través de Caavamontes, dar servizo ó resto de Perillo. A tubería no seu conxunto supera os 11km.

As instalacións de propano que agora teñen algunhas urbanizacións serán substituídas pola conexión de éstas á rede de gas natural, evitando así os depósitos existentes, e con eles os riscos que presentan na actualidade. Precisamente algúns destes recintos están en estado de descuido, con maleza e ás veces son vítimas de pequenas accións vandálicas nos seus cerramentos ou instalacións auxiliares.

A empresa concesionaria terá a obriga de prestar un completo servizo de mantemento, atención ós cida-

dáns, reparación de averías e reclamacións, así como un correcto suministro de combustible a tarifas autorizadas pola lei. A tubería de polietileno da rede de distribución, que supera levemente os 9 km de lonxitude, terá un ancho de 200, 110 e 90 mm segundo a zona, e poderá comezar a dar servizo un mes despois de inspeccionada a obra pola Xunta.

Esta autorización administrativa inicia a primeira fase da gasificación de Oleiros, que abrangue case todo Perillo, Bastiagueiro, Santa Cruz, Os Regos, o núcleo de Montrove e diversas zonas de Nos. En sucesivas fases ira-se canalizando o gas ata completar todo o territorio municipal.



Un bosque tra-lo instituto que se convertirá nun itinerario educativo sobre a natureza

O acondicionamento do futuro Parque Metropolitano trouxo consigo unha agradable sorpresa. Un pequeno monte detrás do Instituto María Casares, en Bastiagueiro, estaba cuberto de maleza. Pero segundo se ía limpando, amosaba toda a súa riqueza.

# Tesouro vexetal en Bastiagueiro

Este lugar atesoura especies que mesmo están protexidas ou en perigo de extinción como a xilbarda (*Ruscus Aculeatus*) que é un arbusto utilizado antigamente para limpar as lareiras. Tamén se atoparon pereiras silvestres (*Pirus Cummunis*), moi apreciadas para enxertos; espiño albar (*Crataegus Monogina*) aproveitable en herboristería polas súas propiedades terapéuticas ou sanguíneos (*Cormus Sanguinea*).

O achádego foi realizado polos membros do Obradoiro de Emprego Parque de Liás, que se están encargando de rexenerar diferentes áreas do futuro Parque Metropolitano desde o pasado 1 de xuño.

Este novo espazo que a maleza acochaba poderíase dividir en tres zonas ben diferenciadas: a das coníferas, onde conviven o pino americano (*Pinus Radiata*) co pino do país (*Pinus*

*Pinaster*) e mesmo algún piñeiro roxo (*Pinus Sylvestris*); o das frondosas onde é sinxelo ver castiñeiros (*Castanea Sativa*), loureiros (*Laurus Robur*) e cerquiños (*Quercus Pyrenaica*) especie esta última máis localizada noutras zonas de Galicia.

Finalmente temos a zona de vexetación ripícola ou de ribeira, composta por especies que nacen e se desenvolven preto da auga. Entre os máis destacables podemos nomear o aliso (*Alnus Glutinosa*), o salgueiro (*Salix Atrocineria*), o lamaneiro (*Ulmus Minor*), o sabugueiro (*Sabucus Nigra*), o freixo (*Fraixinus Excelsior*) e a aveleira (*Corylus avellana*).

A zona, que nun primeiro momento non destacaba polo seu valor ecolóxico, convertiuse para alumnos e coordinadores do Obradoiro nun espazo de extraordinaria importancia pola súa biodiversidade.

## Unha plataforma educativa

O proxecto de facer de él unha verdadeira plataforma educativa, tanto para os alumnos do Instituto como para o resto dos veciños de Oleiros, será axiña unha realidade.

Deste xeito os integrantes do Obradoiro acometerán proximamente a introducción de novas especies que completarán a masa arbórea da zona, como o teixo (*Taxus Baccata*) única conífera autóctona de Galicia, o acivro (*Ilex Aquifolium*) ou o buxo (*Buxus Semperviteus*).

Ademais para que os visitantes do parque poidan identificar as especies alí existentes, confeccionaranse uns carteis informativos cos nomes e características do cada unha delas.



Os veciños protestan ante a pasividade do Estado

## A NVI segue a reclamar seguridade

O actual proceso de reivindicación de que a Av. das Mariñas (NVI) sexa unha vía de maior seguridade para os peatóns é o obxecto dunha xeira de accións que están a prepara-las entidades veciñais de Perillo, Nos e Liás.

O Concello, pola súa parte, realizou un estudo técnico específico no que se fixeron constata-las necesidades de pasos de ceбра, semá-

foros ou pasos peatonais elevados todo ó longo da vía, que atravesará na súa meirande parte solo urbano ou empresarial.

O informe entregou-selle ó Delegado do Goberno, pero este quedou no de sempre: que se extremará a vixilancia con máis policía e se controlará a velocidade con máis radares móbiles, pero na realidade, nada de nada.

Os accidentes seguen ocorrendo sen que decidan dunha vez dar un tratamento realmente urbano á estrada cando atravesamos núcleos de poboación.

Estas reivindicacións teñen un carácter complementario a outras obras de maior coste, que consisten na transformación dos cruces de O Seixal, o do Clube de Tenis e o do Pazo de Arenaza para facilita-las

conexións entre as diversas rúas confluíntes e face-la circulación rodada máis doada.

Á colocación de pancartas destes últimos meses vanse unir outros actos de protesta, xa que se consideran necesarios para lograr que as autoridades tomen en serio este problema.

Unha enquisa servirá para animar a máis maiores a participar nas actividades



Ximnasia no Centro Cultural de Montrove

## A saúde dos maiores mellora gracias á actividade física

**O departamento de Servizos Sociais do Concello, en colaboración co INEF, están estudando os beneficios do deporte na xente maior. O resultado servirá para constatar os beneficios das actividades físicas.**

Este é o segundo ano que o fan. Como froito desta colaboración obtense unha serie de datos, que facilitan unha comprobación de interese sobre os resultados dos programas de Actividades Físicas para a 3ª Idade, que constan de ximnasia de mantemento, actividades acuáticas, ioga e obradoiros de memoria.

Agora, ademais de estudia-rem os casos dos que participan nas actividades, contan tamén co resto, para cotexa-los beneficios da práctica física.

O estudo realízase a través de 5.000 cartas a veciños do Oleiros con máis de 60 anos.

Ademais da comparación dos beneficios entre a xente que participa e a que non, conseguirase unha maior implicación

nestas actividades, unha vez que se confirmen as súas vantaxes.

O estudo do ano pasado mostrou unha significativa mellora do estado de saúde física e psíquica dos participantes nas actividades. O grupo sintese moi motivado polos beneficios, e notan esta melloría nas súas actividades cotiás. Segundo a enquisa do SERGAS en 1998, a saúde é a principal preocupación do colectivo.

Científicamente está comprobado que estas actividades reducen os riscos de hipertensión arterial, cardiopatía, insuficiencia vascular cerebral, diabetes de adulto, osteoporose, obesidade, reumatismos, entre outras das enfermidades máis comúns.

Está demostrado que a actividade física é eficaz tanto para manter como para mellorar e recuperar a saúde das persoas maiores, e ademais aumenta a súa autovaloración. O mesmo tempo que se consegue un mellor funcionamento do sistema cardiovascular, osteomuscular e metabólico.

Comprobados estes datos, queremos poñer ó alcance do maior número posible de persoas este tipo de actividades.

**Todos os maiores de 60 anos recibiron unha carta animándolles a participar nos estudos que se realizarán no INEF de Bastiagueiro durante os próximos meses. Os interesados poden chamar o 981 167 047 de 16 a 20 horas, de luns a venres.**

## Os pais achéganse ós problemas dos adolescentes

Entre setembro e decembro pais, nais, educadores relacionados con adolescentes xuntáronse para reflexionar e mellorar a comprensión do mundo da adolescencia. Este taller desenvólvese dentro do programa de educación para a saúde, que realiza o departamento de Servizos Sociais do Concello. A actividade foi dirixida por un equipo de expertos en intervención familiar encabezados polo profesor Valentín Escuredo.

A adolescencia soe ser unha etapa de cambio na vida, que pode resultar difícil para os rapaces que a atravesan pero tamén as veces é moi complicado para os adultos que teñen relación directa con eles, por non saber como actuar segundo os diferentes momentos.

Basáronse na idea de que unha atención especial no período da adolescencia, dirixido non só o adolescente, senón a todo o sistema familiar, pode ter un efecto beneficioso na prevención de moitos problemas graves que se desenvolven nesta etapa. A través dun abordaxe familiar, propondo solucións procedentes dos propios recursos familiares, pódense conseguir resultados nos conflitos e problemas dos adolescentes. Esta actividade está centrada na búsqueda de solucións.

Cunha dinámica moi activa se explican e practican estratexias de solucións a situacións na relación cos adolescentes, poñendo especial énfase nos propios recursos e na capacidade de crear solucións baseadas na experiencia.

Resólvense en sesións quincenais onde a través das que os participantes analizan, evalúan e comparten estratexias do mundo da adolescencia e da familia.

A valoración desta experiencia é altamente positiva, xa que os obxetivos marcados inicialmente cúmprense e demostran a necesidade de abordar as relacións coa adolescencia dende a perspectiva do diálogo e o análise.

■ *A adolescencia pode ser difícil para os rapaces, pero tamén para os adultos, que moitas veces non saben cómo actuar*



En  
**Arenaza**  
hai sitio para ti.

O Centro de día para a terceira idade, unha solución para disfrutar da vida en harmonía e con tódalas atencións.

Infórmate no **981 631 240**

Concello de  Oleiros



# Rosalina Tuyuc, a voz irmá de Guatemala

■ *A cooperación internacional de Oleiros continúa sendo un exemplo de solidariedade e dignidade*



Unha chea de actos marcados pola irmandade e a solidariedade co pobo irman de Guatemala tiveron como protagonista a Rosalina Tuyuc, responsable da Confederación de Viúvas de Guatemala e voceiro das comunidades indíxenas.

Ten só 45 anos, pero tamén unha dilatada biografía política moi vencellada ó movemento indíxena e feminino desde que no ano 74, con 18 anos, fora eleita presidente da Xuventude Obreira e Católica feminina da súa cidade, San Juan de Comalapa.

Un dos feitos máis importantes deste ano foi a súa designación como coordinadora da Comisión de Acceso á Xustiza para os Pobos Indíxenas de Guatemala. Tamén forma parte do Consello Asesor en temas de Xénero e Pobos Indíxenas do Banco Interamericano de Desenvolvemento.

Desde 1999 é presidenta da Comisión da Muller, o Menor e a Familia do Congreso da República de Guatemala, e tamén forma parte da Comisión de Seguimento para o Afortalamiento da Xustiza en Guatemala.

Tuyuc, despregou en Galicia un rosario de contactos que serviron para tender pontes solidarias e intercambio de información sobre posibilidades de vehicular axudas concretas para proxectos de desenvolvemento en comunidades guatemaltecas vítimas tanto das inclemencias naturais coma do inxusto orde económico que padecen.

A semana de estadía en Galicia comezou cun encontro en Oleiros con xornalistas. Ese mesmo día celebrou un encontro con responsables do Fondo Galego de Cooperación e algunhas ONGs. A seguir, unha entrevista co presidente da Xunta de Galicia, Manuel Fraga, a donde acudiu acompañada das máximas autoridades locais de Oleiros.

O mesmo martes celebrou un encontro coa Coordinadora da Marcha Mundial das Mulleres, e participou nun acto público do ciclo «Voces libres no mundo global», no Centro Cultural A Fábrica, que rexistrou un cheo de cidadáns interesados en coñecer a realidade do seu país.

O mércores desprazouse de novo á capital de Galicia para participar nun encontro con xornalistas; máis tarde houbo unha recepción no Parlamento de Galicia, para continuar coa participación nun máster na Facultade de ciencias da educación da Universidade compostelana. O mércores rematou cun acto público en Santiago.

O venres dedicouno a visitar Oleiros, en especial a residencia de día Pazo de Arenaza, o Centro de Formación Isaac Díaz Pardo e os viveiros da Carballeira, para desprazarse pola tarde a Lugo para participar nun acto público sobre a situación no seu país.

O luns día 5 tomou parte nunha asemblea de delegados de CCOO na Coruña e participou nas xornadas sobre muller e violencia que teñen lugar na facultade de educación da UDC. Posteriormente desprazouse a Vigo para participar nun acto público no concello de aquela cidade.

Por último, foi convidada polo Concello de Pontevedra a unha recepción, un encontro cos xornalistas da capital do Lérez e un acto público, co que se pechaba a apretada axenda solidaria da activista guatemalteca no noso país.

## Un proxecto medioambiental para Serantes-Dexo

# A Xunta premia ó Voluntariado de Oleiros

Co motivo do ano mundial do voluntariado, a Consellería de Xustiza, Interior e Relacións Laborais e a Obra Social Caixa Galicia convocaron, conxuntamente, un concurso de Proxectos innovadores e operativos para a promoción da acción voluntaria en Galicia.

O pasado entregouse o premio na categoría de proxectos rurais, dando por entendido que nesta categoría están toda-las poboacións galegas agás as grandes cidades. A dotación económica do

premio recibido ascende a 850.000 pts, para levalo a cabo.

O proxecto premiado foi o de Voluntariado Ambiental. O seu obxectivo é o de ofrecerlle a comunidade, por medio dun grupo de voluntarios, a posibilidade de cubrir unha serie de carencias de carácter ambiental que contribúan a preservalo medio ambiente e os recursos patrimoniais da Costa Norte do Concello, en Serantes e Dexo.

No 2000 esta área foi nomeada Monumento Natural, tanto pola

súa biodiversidade, como pola importancia monumental de construción románicas da zona e restos históricos, asentamentos castrexos, ademais de polas súas vistas e a calidade da súa conservación, gracias ó Plan Xeral Municipal.

Oleiros é un Concello cunha poboación tradicionalmente predisposta a accións de voluntariado. Estas iniciativas sempre conseguen unha boa acollida gracias á enorme sensibilidade polos temas medioambientais.

Colaboraron co concello o Grupo Naturista "Habitat" e a Asociación Cultural e Medioambiental "O Corval".

En primeiro termo abordárase a promoción, divulgación e sensibilización da xente co proxecto a realizar, despois seguirá a formación dos voluntarios, actividades de conservación, mantemento e mellora da zona, mentres que na cuarta e última fase un seguemento e avaliación do proxecto.

## A nova Fábrica propón...

■ **8-M Dia das Mulleres** As nenas dos Centros de Ensino Público do Concello lerán textos escritos por mulleres e haberá un encontro literario coa escritora Marica Campo.

■ **15-16-M Alimentar-nos mellor** Obradoiro de nutrición e alimentación, na Casa do Pobo de Mera, venres de 18 a 20h e sábado de 11 a 13h.

■ **22-23-M O humor na vida** Obradoiro de papiroflexia

■ **28-31-M Excursión Parque natural do Xurés e Geres.** Saída da Fábrica ás 10h do día 28.

■ **2-A Inauguración da** Exposición das fotografías do concurso «**Oleiros Oculto Tralo Inverno**». No Centro de Información xuvenil

■ **4-5-A Xornadas de orientación académica** na Fábrica. De 10 a 13h. para alumnos de 4º da ESO; día 4 ás 20h. para os pais.

■ **13-A Sendeirismo por San Andrés de Teixido.** Saída ás 9h.

■ **15-20-A Exposición Europa: Francia-Luxemburgo,** no Centro de Información Xuvenil.

■ **18-A Ligar máis e mellor. Ciclo de Sexualidade,** ás 19,30h. na Casa da Cultura de Perillo.

■ **22-27-A Exposición Europa: Alemaña-Austria,** no Centro de Información Xuvenil.

■ **22-26-A O Humor na Vida. Obradoiro de Comic.** De 17 a 20h. no IES M<sup>a</sup> Casares.

■ **29-A-4-M Exposición Europa: Finlandia-Suecia-Dinamarca,** no Centro de Información Xuvenil.

# Vive a cultura intensamente

## O Concello leva de rota ós nosos maiores

Rematou o de quedar na casa. O Concello ofrécelle ós maiores de sesenta anos a **oportunidade de viaxar** pola nosa Comunidade e coñecer roteiros que permitirán saír da rutina.

As **excursións en autobús** comprenderán tres rotas. A cidade de Lugo, a Terra de Lemós e as vilas de Malpica e Corme.

Camiñando por Galicia tamén contará con tres alternativas de **sendeirismo**: Unha polo Concello de Oleiros, o Camiño de Santiago dende Sarria a Portomarín ou percorre-lo virxinal treito da Costa da Morte que separa Camariñas de Camelle.

O día 25 de marzo comezará o prazo de anotación, e estará aberto durante un mes. Os interesados poderanse inscribir acudindo ós Servicios Sociais do Concello de Oleiros ou ben chamando ó teléfono 981 610 000 (de 10.00 a 13.00 horas).

## Citas de cine e teatro

A programación do cinema no mes de abril será: **sábado 6: "Juana la Loca"**, **sábado 13: "Los Otros"**, **sábado 20: "Amelie"**, **sábado 27: "Chocolate"**,

En maio continuará da seguinte forma: **sábado 4: "Las normas de la Casa de la Sidra"**, **sábado 11: "Sin noticias de Dios"**, **sábado 18: "Capitanes de Abril"**, **sábado 25: "El hijo de la novia"**

Todos os filmes proxectaranse ás 21 horas, no Auditorio da Fábrica. As entradas custarán 1,80 euros.

■ O sábado 9 de marzo, Uvegá Teatro representará a obra "**Mulleres**" dirixida por Vicente Montoto e os actores son Susana Dans, Laura Ponte e Mara Sánchez, nas Torres.

■ O sábado 16, actuará a compañía **O País da Comedia**, dirixida por Carlos Blanco e representada por Ernesto Chao, Mabel Rivera, Santi Romay ou Carlos Blanco e Quik Cadaval, na Fábrica.

## As bibliotecas máis activas

■ **A Hora do Conto.** Narraranse contos para nenos menores de 10 anos, en todas as Bibliotecas Públicas Municipais. Desde febreiro

■ **Libro-fórum e terulias literarias para adultos.** Esta actividade ten lugar todos os mércores na Biblioteca Central Rialeda e os xoves na Biblioteca de Santa Cruz, ás 17 horas, e venres alternos na Biblioteca de Oleiros, ás 18:30.

■ **IXª Exposición de Debuxos.** Convocaránse as Bases no mes de febreiro e realizarase a Exposición de todos os debuxos entregados no mes de maio, no Centro Cultural As Torres de Santa Cruz.

■ **"O Conto Viaxeiro".** Convocaránse as Bases en febreiro e entregarase a publicación en Xuño.

■ **XIº Concurso de Contos e narracións curtas** infantís e xuvenís Concello de Oleiros. Convocaranse as Bases no mes de febreiro e entregaranse os premios ós gañadores e os lotes de libros de agasallo ós colexios participantes en maio.

■ **XIª Campaña de Animación á Lectura.** Terá lugar entre os meses de febreiro a Xuño na Biblioteca Central Rialeda.

■ **Encontros con profesionais da Literatura Infantil e Xuvenil.** Terá lugar nas principais bibliotecas municipais, nos meses de marzo a xuño.

■ **II Programa de Formación de Usuarios.** Realizarase nas Bibliotecas de Perillo e Santa Cruz. A actividade comeza en febreiro.

### ■ Novos recoñecementos

Un ano máis, o sistema de Bibliotecas de Oleiros foi premiado pola Federación Española de Municipios y Provincias e o Ministerio de Cultura.

Tamén se recibiu unha emocionante carta da Facultade de Socioloxía da Universidade da Coruña felicitando ó Concello por este servizo cultural que consta de 9 bibliotecas públicas.

## Os máis pequenos, nas Casas do Pobo

# Nenos, entreter e convivir

**Ata xuño celebraránse estas actividades, programadas para os nenos nas Casas do Pobo.**

### ■ Obradoiro de xogos

Que os nenos vexan a actividade física como un momento de disfrute e expansión é o obxectivo básico desta actividade. Tamén que perciban as Casas do Pobo como un lugar propio para desenvolver os seus momentos de xogo e divertimento, que coñezan e apliquen unhas mínimas normas de convivencia nos espazos compartidos, que coñezan o seu contorno máis próximo, espazos e actividades da súa Casa do pobo, así como potencia-la creatividade e a expresividade.

Luns de 16 a 17 en Dexo - Lorbé; martes de 16 a 17 (5 anos) e de 17 a 18 (3 - 4 anos) en Dorneda; e xoves de 16,30 a 17,30 en Nós.

### ■ Laboratorio das Artes

O principal obxectivo desta actividade será o de "educar-los nenos e nenas artisticamente", conseguir un control adoitado da súa motricidade fina, así como, unha axeitada coordinación óculo-manual, a través de experiencias plásticas e audiovisuais que desenvolveranse en distintas actividades como; debuxo, pintura, taller de gravado e estampación, collage, modelado e construción.

Luns de 16,30 a 17,30 en Nós; martes de 16 a 17 en Dexo - Lorbé; os mércores de 16,30 a 17,30 (5 anos) e de 17,30 a 18,30 (3-4 anos) en Mera, e os xoves de 16 a 17 (5 anos) e de 17 a 18 (4 anos) en Dorneda.

### ■ Música na túa casa

A finalidade destas clases será a de interiorizar o ritmo; coñecer os instrumentos do aula pola súa forma, son e nome, desenvolver a Coordinación Dinámica Xeral, aprender a realizar a respiración diafragmática, escoitar sons ubicando a fonte de emisión, etc...

Luns de 16 a 17 (5 anos) e de 17 a 18 (3-4 anos) en Dorneda, martes de 16 a 17 (5 anos) e de 17 a 18 (3-4 anos) en Mera, mércores de 16 a 17 en Dexo-Lorbé, e os xoves de 17,30 a 18,30 en Nós.



O centro cultural reorienta a súa programación, con especial atención ós mozos

# A Fábrica, un foro para a nova cultura



A Fábrica, no vello peirao do Inglés

**A veterana Casa da Xuventude de Oleiros está a experimentar unha profunda transformación, que afecta ó seu funcionamento, xa que as instalacións considéranse óptimas para afronta-los novos retos.**

Ainda que as persoas menores de 25 anos seguirán a se-lo público fundamental das actividades que se programan, pasará a denominarse xenéricamente A Fábrica — nome do centro cultural no que se atopa—, perdendo a denominación exclusiva dese sector de idade, aínda que dentro dos seus servicios continúe contándose co Centro de Información Xuvenil.

Perde tamén o carácter medioambientalista que ata agora tiña, porque as actividades de divulgación do medio ambiente pasan a centralizarse no Castelo de Santa Cruz, sede do Centro de Divulgación Ambiental de Galicia, organismo formado, ademais do Concello, pola Consellería de Medio Ambiente e a Universidade da Coruña.

A actual estratexia da nova

Fábrica consiste en abri-lo abano de actividades que se ofertan, difundilas entre tódolos públicos interesados, independentemente da súa idade.

Pero ó mesmo tempo non se abandona o carácter xuvenil, pois refórzase o contacto permanente cos centros de ensino, cos que se perseguirá alcanzar sólidas liñas de colaboración, que xa se están a poñer en marcha.

Unha das primeiras iniciativas foi convocar a alumnos dos institutos para que poidan facer de correspondentes permanentes entre o seu centro e a Fábrica.

Tamén se elaborou unha enquisa entre os estudantes para perfila-lo tipo de actividades que lles poden resultar máis interesantes. As conclusións coñecerémolas en poucas semanas.

Tamén se trasladou á Fábrica o Servizo Municipal de Deportes, moi vencellado á mocidade e ás súas inquietudes.

Algunha das áreas nas que se continuará o traballo realizado ou se abrirán novas liñas de accións son fotografía, deseño, artes plásticas, música, teatro, novos modos de vida, sexo, drogas, xogos, festas, ocio, cultura... e sobre todo o que sexades capaces de propoñer como novas actividades.

Continúan vivos os programas “Qué facemos?”, para propoñer accións espontáneas, e por suposto, a liña de utilización das Casas de Agramar, Guyatt e Bastiagueiro para festas autónomas e independentes.

## O Cuartel de Mera será un multiusos

**Un auditorio multiusos será a nova función do edificio que antano servía como casa cuartel da Garda Civil, situada ó lado da Casa do Pobo, coa que se complementará en servicios e actividades.**

O proxecto implica unha radical transformación do edificio, do que se conservará a fachada, pero non o interior, derrubado para ser cuberto cun teito de novo deseño. Así ganárase un espacio multiusos para poder ser utilizado en manifestacións artísticas para as que hoxe queda pequena a Casa do Pobo.

O auditorio terá unha capacidade de entre 200 e 300 persoas, e será apto para representacións teatrais e musicais.

As necesidades culturais de Mera vense satisfeitas con esta nova infraestrutura, que se ven engadir á Casa do Pobo, a Biblioteca municipal e a nova Aula da Natureza en que se convertirá próximamente a Casa do Fareiro, un centro de interpretación do Monumento Natural de Dexo, que abrangue territorio norte das parroquias de Serantes e Dexo. Ademais, varias entidades sociais e culturais de Serantes e Maianca teñen a súa sede nos edificios da Casa do Pobo e A Paxareira.

### Satisfacción tra-la súa primeira reunión

## Radio Oleiros estrea Consello de Administración

O Consello de Administración da emisora quedou constituído por representantes políticos e técnicos designados por cada grupo. Na primeira xuntanza repasáronse asuntos xerais sobre o funcionamento da emisora e presentáronse o orzamento e cadro de persoal do presente exerci-

cio. Cada grupo fixo unha valoración sobre o papel da emisora, e os representantes do Goberno Municipal garantizaron a continuidade da imparcialidade informativa e a xestión profesionalizada.

No seu informe sobre a programación, o director insistiu no equilibrio informativo de Radio Oleiros.





# As propostas deportivas

Estas son algunha das propostas de actividade deportiva organizada dirixida a escolares, a deportistas federados e ós cidadáns en xeral, de aquí ó inicio da primavera. Para máis información, no servizo de Deportes, que agora está na Fábrica (Tlf. 981 635 769)

## ■ Liga escolar de Hockey sala

Dende o 26 de xaneiro ó 27 de abril. A celebrar os sábados. Preténdese ofrecer ós alumnos de primaria a posibilidade de practicar unha modalidade pouco coñecida como alternativa ó resto de deportes convencionais.

## ■ Liga escolar de Fútbol

Liga Escolar local de Fútbol. Dende o 19 de xaneiro ó 15 de xuño. Venres, sábados e domingos. Resaltar os aspectos pedagóxicos da competición e ó mesmo tempo ofrecer saídas deportivas e lúdicas ós moitos participantes de esta disciplina entre 6 e 12 anos.

## ■ Surf, body-board, kayak de mar, natación, remo e escalada deportiva

Complementos de educación física. Surf, body-board e kayak de mar. Abril e maio, natación e remo. Divulgar actividades diferentes ás coñecidas como deportes convencionais ou tradicionais entre a poboación xuvenil.

## ■ Cursos de escalada deportiva

Abril (6 e 13) Obxectivos: valoración das posibilidades do medio natural para a práctica deportiva compatible co respecto ó medio, así como coñecer as normas básicas de seguridade en escola ó aire libre. Está dirixido a toda a poboación maior de 15 anos.

## ■ Xornada de promoción do judo

Celébrase o 23 de marzo. Quérense fomentar os deportes de loita corporal como medio de desenvolvemento de patróns motrices específicos, e fomenta-la convivencia entre practicantes de distintas localidades. Para rapaces entre 6 e 16 anos.

## ■ IV duatlón escolar

A celebra-lo 13 de abril (a confirmar segundo calendario da federación), para dinamizar deportivamente a zona norte do Concello, (punto máis débil da participación deportiva), fomenta-los deportes psicomotores e promociona-los deportes de resistencia como medio de superación persoal, e así dinamizar as actividades do atletismo e ciclismo, para a poboación Escolar.

## ■ III Torneo de tenis de mesa

No pavillón Municipal de Canide. Data a confirmar. Unha actividade deportiva con grandes posibilidades de práctica nas casas do pobo e centros públicos, para tódolos veciños

## ■ Curso de mergullo con botella

23 e 30 de marzo, na Fábrica e en pleamar. Descubri-las actividades e medio sub-acuático, coñece-lo funcionamento dos sistemas de aporte de osíxeno dos equipos, nocións básicas sobre a fisioloxía que inflúe no mergullo, etc... para maiores de 18 anos

## ■ Trofeo de patinaxe artístico

O 27 de abril, no pavillón Arsenio Iglesias, para a promoción de deportes psicomotores e colaborar cos Clubs de patinaxe do Concello, especialmente para deportistas federados.

## ■ Campionato de atletismo

Data por confirmar. A proba disputarase nas pistas de atletismo do Inef de Galicia. Trátase de dinamizar e extende-la práctica do atletismo no concello, ofrecendo unha saída na competición ós rapaces que practican este deporte de xeito habitual. Aberto tanto a participantes federados como populares, e orientado a centros escolares e entidades deportivas.

## Un novo servizo reclamado polos veciños

# Ceden gratis o campo de fútbol de Iñás

■ *Como agradecemento, unha rúa da parroquia levará o nome da familia que cede o terreo*

A familia Quiroga Cornes, moi apreciada de sempre por tódolos veciños de Iñás, cedeu ó Concello o solar no que se asenta o Campo de Fútbol da parroquia, que é utilizado habitualmente polo Mercurio. O campo está ubicado no lugar de Pedregueira, tamén chamado Prado Vello, na estrada que une Iñás con Soñeiro.

A cesión non tería nada de particular se non fose porque esta

familia o fai desinteresadamente, sen recibir nada a cambio, o que resulta un orgullo para tódolos veciños da parroquia.

A donación faise ó pobo de Iñás, a través do Concello, e ten como condición que a parcela sexa para sempre dedicada á práctica deportiva, e sexan prioritariamente utilizada polo Mercurio.

A área abrangue 11.000 m<sup>2</sup>, e nas xestións previas para levar a

cabo esta cesión interviñeron, ademais da familia e o Goberno Municipal, membros da directiva do Clube.

Nos próximos orzamentos, o Goberno Municipal incorporará unha cantidade suficiente para abordar melloras para a instalación, como accesos, vestiarios, iluminación, etc., de tal xeito que a instalación quede equiparada en comodidade ó resto dos campos

de fútbol do Concello.

Para simboliza-lo agradecemento dos veciños, o Goberno Municipal porpoñerá que unha nova rúa da parroquia sexa designada oficialmente co nome desta familia tan querida.

Ademais do campo de fútbol, Iñás dispón dunha pista polideportiva cuberta parroquial, anexa á Casa do Pobo, no Campo da Vila.



# Mellores canchas e campos para ti

Varias instalacións deportivas recibiron moita atención estes últimos meses.

A estes campos de fútbol e infraestruturas deportivas, hai que engadi-las obras de reforma do **local de surf de Bastiagueiro**, nos baixos do paseo marítimo, e os 49.000 euros (uns 8 millóns de pts.) destinados á obra do campo do **Hércules de San Pedro**, unha instalación perto do novo polígono de Mesón da Auga, no Carballo, cos gastos de urbanización incluídos nesa promoción pública de vivendas.

Tamén se instalou un novo alumeado no **Campo de Fútbol do Xabrón**, en Mera.



Campo de fútbol de Montrove



Campo de fútbol do Condús, en Oleiros



Novo pabillón de Bastiagueiro



Campo dos Regos



Polideportiva dos Regos



Polideportiva de Nos

## Montrove

As varias fases de remodelación deste campo de fútbol, xa rematado, costan 111.200 euros (uns 18,5 millóns de pts.)

## Oleiros

Obras no campo do Condús, ó que se lle engadiu un terreo de 4.000 m<sup>2</sup> para amplia-lo campo. A obra costa en total case 270.000 euros (uns 45 millóns de pts.), incluído o terreo.

## Bastiagueiro


Por fin, a Deputación entregou ó Concello este quinto pabillón polideportivo cuberto, ubicado tra-lo Instituto María Casares.

## Os Regos


Cubri-la pista polideportiva e edificar vestiarios costa 264.500 euros, uns 44 millóns de pts. O Campo de fútbol, que se traslada desde Sta. Cruz, inaugúrase próximamente.

## Nos

Cobri-la pista polideportiva está a costar case 163.000 euros (uns 28 millóns de pts.)



A Garzota



As Gavitas

Escolma de 8 rotas para coñecer Oleiros elaboradas pola Casa da Xuventude

## Camiñando por Oleiros I 1

# As beiras da ría

**1** Partimos de **Santa Cruz**, co seu castelo do SXVII, construído para defende-la bahía dos ingleses. O seu aspecto actual data do XVIII. Máis tarde é mercado pola familia de Emilia Pardo Bazán. Despois é cedido á Armada. Agora, a illa ten unha pasarela e é a sede do Centro de Divulgación Ambiental de Galicia. Antes de continuar faremos un breve percorrido polos cantís da praia de Naval.


**2** Atravesámo-lo Parque Luis Seoane e chegamos ás **Torres de Sta. Cruz**, un pazo que acolle o teatro, a biblioteca e o Museo dos Oleiros José María Kaydeda. Engaiolante parque de certo interés botánico.

**3** Cruzámo-la estrada de Meirás e remontamos durante un treito o Río dos Cubos e chegamos á fraga do Bañil, sempre húmida e un dos últimos bosques autóctonos de Oleiros.

**4** Andamos camiño dos Regos e incluso podemos achegarnos á Fonte do Espiño. Camiña-mos cara á Igrexa de Liáns. Este paraxe é o futuro Parque Metropolitano, que na actualidade están recuperando alumnos do CMF Isaac Díaz Pardo.

**5** Sta. Aia de Liáns, do SXVII, un fermoso exemplo de barroco rural, no corazón do Parque Metropolitano. Moi perto está o Pazo de Lóngora, un edificio do SXVIII recentemente restaurado para Centro de Estudos Medioambientais da Universidade da Coruña.

**6** Pasamos xunto Vista Alegre, atravesando o bosque de Bastiagueiro. Axiña atoparemos a entrada do **núcleo urbano de Perillo**. Podemos ir á Fonte da Barreira, os parques Nelson Mandela e José Martí, xa en Sta. Cristina.




**11** Entre piñeiros e toxeiros imos cara a **Bastiagueiro Pequeno**, xa de volta a Sta. Cruz. Impresionantes vistas e o novo Parque Galeras. Chegamos ó Hotel Portocobo e baixamos ó Paseo de Sta. Cruz polo Camiño de Chesco.

**10** A **praia de Bastiagueiro** é tamén unha das máis concorridas. Durante todo o ano é un escenario deportivo, tanto con deportes de pelota coma para o surf. No inverno pódense ver moitos petuneiros, grandes patos mariños de cor negra.

**9** Collemo-las rúas Polvorín e Avelaíña. Despois dun breve desvío para ver un pequeno faro e miradoiro, collemo-la **rúa Mioporos**, o aroma destas árbores acompañará o paso

**8** Achegámonos á **illa de Sta. Cristina**, ideal para observar aves. Está moi próxima ó embarcadero para colle-la lancha cara á Coruña.


**7** Pechando a ría, a **Praia de Sta. Cristina**, que era unha enorme barra de area con dunas, moi utilizada polos veciños da comarca. Hai moitos visitantes de inverno: islandeses, franceses, rusos... moitas aves que veñen pasar aquí os meses máis frios.



### ¿Cómo nace Santa Cristina?

As praias son lugares vivos que cambian constantemente. O vento, as correntes e ondas do mar e os sedimentos do Río Mero son os principais axentes da súa formación. E tamén os humanos e as súas obras na segunda metade do SXX.

- 1 As pequenas partículas traídas polo mar e o río xúntanse no lugar de encontro de ámbolos dous. Comeza así a medrar unha barra areosa, donde as correntes son máis suaves.
- 2 Os continuos aportes dan lugar a unha ampla praia. De xeito moi parecido ás ondas do mar, o vento vai facendo medrar gran cantidade de dunas, sobre elas crece unha exclusiva vexetación que acolle a uns poucos animais.
- 3 Cando chegaron os humanos acabaron coa maioría das dunas, na época negra da construción. Hoxe, boa parte do parque está recuperado e serve para o lecer e a natureza







## Sta. Ana, asomada a Mera

■ *Unha capeliña de 1882 con Confraría fundada en 1663*

**Mera está transformándose. O Paseo Marítimo, a ampliación do parque da Lagoa, eliminación da depuradora, a casa do fareiro, o novo auditorio, O Arxentino, as novas prazas do centro... é bó momento para botar unha ollada retrospectiva a este lugar desde o que se divisa todo o pobo.**

A capela foi construída no ano 1882, segundo reflexa un rexistro parroquial que data de 1888. O terreo foi doado por unha familia de Mera e a obra foi financiada por aportación popular, según lembra o cura de Mera, Don Manuel.

Ata hoxe en día chegou o rumor de que existía con anterioridade outra capela en honra desta santa relacionada coa partería, pero non se precisa onde, e non hai restos para poder afirmalo.

A Cofradía de Santa Ana fundouse en 1663. Por causas descoñecidas desapareceu, non se ten constancia da data, xa que non aparece en ningún rexistro. Reconstituíuse no ano 1890, un pouco tempo despois da construción da capela actual, e estivo vivente de forma continuada ata hoxe en día.

A capela permanece pechada todo o ano e só se abre nas festas de Mera o día de Santa Ana, o 26

de xullo. Esta festa ten unha tradición moi arraigada, marcada pola forte devoción á Santa, de feito a xente viña de moi lonxe ata a capela onde se celebraba unha sonada romaría.

O edificio non se pode encadrar en ningún estilo concreto, de feito está catalogada como arquitectura popular de finais do século XIX, pero ten en si mesma o seu engado, como outras capelas do Concello (San Cosme de Maianca, moi próxima a Sta. Ana, ou a de Montrove).

As características máis salientables da construción son o tellado a dúas augas e o mesmo tempo a dúas alturas, a máis baixa na cabeceira. Ten unha planta dobre cuadrada unha máis pequena en superficie que coincide coa parte baixa da capela. O edificio anexo á planta corresponde coa sacristía.

Pero sen dúbida, o máis característico do edificio é a súa ubicación, en pleno mirador sobre as praias de Mera e os faros. O mar foi co paso dos anos comendo a terra ata deixar espidas as pedras do pequeno acantilado, que últimamente se solidificou cun muro.

Volvendo ó interior, o teito ten unha sobrecuberta plana de madeira, o coro é tamén de madeira, con apliques de forxa, e o espazo para os fieis está delimitado de forma simbólica por un falso arco, decorado cunha cenefa policromada que remata nun falso capitel decorativo de corte clásico en madeira.

O redor do altar existen tres ornacinas. Na principal, como non podía ser doutro xeito, está a figura titular da capela, Santa Ana.

Acompañana o San Antonio da esquerda e o San Xaquín á dereita. As figuras de Sta. Ana e S. Antonio son as orixinarias da contruc-

ción da capela, e fóron talladas en madeira policromada.

A última reforma, como lembra D. Manuel, fíxose hai uns 10 anos e correu por conta do Concello. As obras centráronse no tellado e no campanario. Nesta mellora ademais o concello tiña en propiedade a finca colindante coa capela onde antes había unha casa e era propiedade privada.

O Concello cedeu o terreo aumentando así de forma considerable o mirador. Nesta mesma parcela está situado o monumento a Tía Antonina, a famosa parteira que acompañou a dar a luz a tantas familias de Maianca, Serantes e Dexo e que foi inaugurado o pasado ano entre emocións e lembranzas.

Unha anécdota: nesta última reforma pintouse de azul o exterior da capela, pero os veciños non se chegaron a identificar co cambio, polo que se volveu a pintar de branco: o pobo é quen máis ordena.

Papeis e cartóns, **ó caixón azul**

Vidro ó iglú verde

Restos orgánicos, **ó contedor de tapa verde**

Inertes, **ó contedor de tapa laranxa.**

Pilas nas Casas do Pobo ou establecementos colaboradores

# Lembra!

- Non tire-lo lixo os sábados nen vésperas de festivos
- Respete os horarios (entre 9 e 12 da noite)

Un servicio municipal xestionado polo Consorcio As Mariñas. Tlf. 981 783 455